



# DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 30 de maio de 2025





## **RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 30 DE MAIO DE 2025**

### **Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2025, de 5 de maio.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 28 de abril ata o 25 de maio de 2025.
3. Proposta da Presidencia ao Pleno do 30 de maio de 2025 sobre cambio de data da sesión ordinaria do sétimo mes do ano 2025.
4. Proposta da Presidencia ao Pleno do 30 de maio de 2025 sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes do ano 2025.

### **Comisión de Política Social, Educación e Mocidade**

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2025.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos**

6. Conformidade co acordo a adoptar polas Xuntas Xerais de accionistas das entidades mercantís XESTUR GALICIA, S.A. e VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA (VIPUGAL, S.A.) de redución de capital con devolución de aportación aos socios saíntes da sociedade.
7. Aprobación da adscrición demanial a favor do Concello de Santiago de Compostela de diferentes tramos das estradas DP 7801 de San Lourenzo a Vidán (e con variante), DP 7805 acceso ao Hospital Provincial e DP 7806 rampla ao Avío.
8. Dación de conta ao Pleno da Corporación Provincial da aprobación do modificado dos pregos de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa relativo a un convenio asinado entre a Deputación da Coruña e Concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa.
9. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Baña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora do viario de Lañas ao Pazo".

### **Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios**

10. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025
11. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 3/2025 para a redución da débeda dos concellos con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+ 2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda



12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado de marquesiña na rúa Camelias", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0230.0.

### **Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital**

13. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2025 de aprobación polo Pleno.

14. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a abril de 2025.

15. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente correspondente ao primeiro trimestre de 2025.

16. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Miño respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial de A Coruña (PLAN PREMADECOR).

17. Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2025 e da entrega a conta de marzo de 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

18. Aprobación da solicitude á Administración Tributaria do Estado da delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas para o Concello da Pobra do Caramiñal.

19. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Ribeira sobre a Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística.

20. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Fene do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

21. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello da Capela sobre a recadación da taxa de recollida de residuos urbanos e recadación executiva.

22. Aprobación de modificacións na política de seguridade.

23. Dación de conta da resolución de presidencia número 18391/2025, relativa ao persoal eventual.

### **Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente**

24. Aprobación da posta en marcha e toma de coñecemento do proxecto PEL ACTIVA financiado polo Programa de Emprego, Educación, Formación e Economía Social (EFESO), do FSE+ do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais**

25. Aprobación do proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 2405 Cerceda a Mesón do



Vento punto quilométrico 5+200 AO 6+200( ORDES), incluído no Plan de Acondicionamento - Conservación de Vías Provinciais 2025.

#### ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a conexión da vía Ártabra coa AP-9

2.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE en relación co gasto en Seguridade e Defensa

#### FÓRA DA ORDE DO DÍA

I.Moción que presentan os grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG reclamando á Xunta de Galicia que aprobe a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago de Compostela

#### ROGOS E PREGUNTAS





## Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 30 de maio de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 30 de maio de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

### Deputados/as

#### Asistentes:

|                                            |      |
|--------------------------------------------|------|
| Don José Ramón Amado de la Fuente          | PP   |
| Don Evaristo Ben Otero                     | PP   |
| Don José Manuel Caamaño López              | PP   |
| Don José Carlos Calvelo Martínez           | PP   |
| Dona Cristina Capelán Cancelo              | PSOE |
| Don Bernardo Fernández Piñeiro             | PSOE |
| Dona Izaskun García Gorostizu              | PP   |
| Dona Rosa Ana García López                 | PSOE |
| Dona Cristina García Rey                   | BNG  |
| Don Ángel García Seoane                    | AVV  |
| Dona María del Mar García Vidal            | PSOE |
| Dona Natividad de Jesús González Rodríguez | BNG  |
| Don José Manuel Lage Tuñas                 | PSOE |
| Don Antonio Leira Piñeiro                  | PSOE |
| Don José Manuel López Varela               | PP   |
| Don Miguel Lorenzo Torres                  | PP   |
| Don Carlos Martínez Carrillo               | PP   |
| Dona María del Mar Méndez Vilela           | PP   |
| Dona Eudoxia María Neira Fernández         | PSOE |
| Dona María Jesús Novo Gómez                | PP   |
| Don Xosé Luis Penas Corral                 | BNG  |
| Don Fernando Pérez Fernández               | PP   |
| Dona Diana Piñeiro Fernández               | PP   |
| Don Xosé Regueira Varela                   | BNG  |
| Don Roberto Rey Martínez                   | PP   |
| Don José Ramón Rioboo Castro               | PSOE |
| Dona Mónica Rodríguez Ordóñez              | PSOE |
| Dona Susana María Sanjurjo Fraga           | PP   |
| Dona Avia Veira González                   | BNG  |

#### Excusada:

|                               |     |
|-------------------------------|-----|
| Dona María Soledad Agra Tuñas | BNG |
|-------------------------------|-----|

**Actúa como secretario:** don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:09 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bos días. Empezamos a sesión ordinaria de Pleno.

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/2025, de 5 de maio.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 4/2025, de 5 de maio.

**2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 28 de abril ata o 25 de maio de 2025.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 28 de abril ata o 25 de maio de 2025.

**3.- Proposta da Presidencia ao Pleno do 30 de maio de 2025 sobre cambio de data da sesión ordinaria do sétimo mes do ano 2025.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que no mes de xullo a data de celebración do Pleno ordinario é o día 25 de xullo coincidente coa festividade autonómica, o que aconsella adiantar a data ao día anterior, 24 de xullo de 2025.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:





"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao sétimo mes de 2025 celebrarase o día 24 de xullo, xoves, a partir das doce horas".

#### **4.- Proposta da Presidencia ao Pleno do 30 de maio de 2025 sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes do ano 2025.**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría das/dos deputadas/os e persoal funcionario e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada do día 29 de agosto, o que aconsella retrasar esa data.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes de 2025 celebrarase o día 12 de setembro, venres, a partir das doce horas".

#### **5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2025.**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobación da concesión de subvención nominativa, por importe de 21.000,00 €, á**



Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2025*, cun orzamento subvencionado de 30.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 15 de maio de 2025.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2025**

Na Coruña, a

**REÚNENSE**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Fundación Paideia Galiza

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

**EXPOÑEN**

**1.-** Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

**2.-** Segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

**3.-** Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes



## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Fundación Paideia Galiza**, con NIF G15798655, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2025*.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO                                                     | IMPORTE         |
|--------------------------------------------------------------|-----------------|
| <b>Gastos de estancia grupo en Alemaña</b>                   | <b>19.800 €</b> |
| Aloxamento e manutención                                     | 10.266 €        |
| Viaxe                                                        | 2.200 €         |
| Seguro                                                       | 700 €           |
| Gastos xestión entidade de acollida                          | 6.634 €         |
| <b>Gastos de persoal</b>                                     | <b>6.300 €</b>  |
| Selección, coordinación e titorización                       | 4.300,00 €      |
| Formación á saída (cultural e lingüística)                   | 2.000,00 €      |
| <b>Gastos titor/acompañante</b>                              | <b>3.900 €</b>  |
| Gastos de acompañante/titor hispanofalante                   | 3.000 €         |
| Gastos de viaxe, aloxamento, axudas de transporte do persoal | 900 €           |
| <b>TOTAL</b>                                                 | <b>30.000 €</b> |

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **21.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 70,00 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación Provincial da Coruña só achegará o importe que represente o 70,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.



2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Paideia Galiza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación Paideia Galiza, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa



indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

## VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

## VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade



Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.** A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha





das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2025**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

**2.** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

**6.- Conformidade co acordo a adoptar polas Xuntas Xerais de accionistas das entidades mercantís XESTUR GALICIA, S.,A. e VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA (VIPUGAL, S.A.) de redución de capital con devolución de aportación aos socios saíntes da sociedade.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“PRIMEIRO. Prestar a conformidade ao acordo a adoptar pola xunta xeral de accionistas da entidade mercantil XESTUR GALICIA, S.,A. de redución de capital con devolución de aportación aos socios saíntes da sociedade, co seguinte detalle da participación da Deputación da Coruña:

|               | NÚMERO DE ACCIÓNS           | VALOR NOMINAL  | IMPORTE DA PARTICIPACIÓN | PORCENTAXE DA PARTICIPACIÓN |
|---------------|-----------------------------|----------------|--------------------------|-----------------------------|
| <b>XESTUR</b> | 763<br>(Da 17.376 á 18.138) | 1.100,585647 € | 839.746,85 €             | 0,63%                       |

SEGUNDO. Prestar a conformidade ao acordo a a adoptar pola Xunta Xeral de Accionistas da entidade mercantil VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA (VIPUGAL, S.A.) de





redución de capital con devolución de aportación aos socios saíntes da sociedade, co seguinte detalle da participación da Deputación da Coruña:

|                | NÚMERO DE ACCIÓNS             | VALOR NOMINAL | IMPORTE DA PARTICIPACIÓN | PORCENTAXE DA PARTICIPACIÓN |
|----------------|-------------------------------|---------------|--------------------------|-----------------------------|
| <b>VIPUGAL</b> | 763<br>(Da 120.614 á 121.376) | 613,658333 €  | 468.221,31 €             | 0,4298%                     |

TERCEIRO. Facultar ao presidente da Deputación Provincial da Coruña para que, a través dos órganos e servizos competentes, leve a cabo tódolos actos de execución material do presente acordo.”

**7.- Aprobación da adscrición demanial a favor do Concello de Santiago de Compostela de diferentes tramos das estradas DP 7801 de San Lourenzo a Vidán (e con variante), DP 7805 acceso ao Hospital Provincial e DP 7806 rampla ao Avío.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1.- Aprobar a adscrición demanial a favor do Concello de Santiago de Compostela dos seguintes tramos de estradas, incluídos os solos, as construcións e todos os elementos funcionais que formen parte da citadas vías:

A) 1,27 quilómetros da estrada DP 7801 de San Lourenzo a Vidán, dende as coordenadas X = 536295 Y = 4747417 ata as coordenadas X = 535538 Y = 4746654.

B) 0,285 quilómetros da estrada DP 7801 de San Lourenzo a Vidán (Variante), dende as coordenadas X = 535658 Y = 4747020 ata as coordenadas X = 535616 Y = 4746746.

C) 0,545 quilómetros da estrada DP 7805 - ACCESO AO HOSPITAL PROVINCIAL, dende as coordenadas X = 536307 Y = 4745780 ata as coordenadas X = 536566 Y = 4745420.

D) 0,273 quilómetros da estrada DP 7806 - RAMPLA AO AVÍO, dende as coordenadas X = 536952 Y = 4749240 ata as coordenadas X = 536744 Y = 4749400.

2.- O Concello de Santiago de Compostela deberá manter a afectación ao dominio público dos bens descritos durante os 30 anos seguintes á aprobación do presente acordo, establecéndose expresamente a súa desadscrición en caso de incumprimento

3.- Non poderá existir ánimo de lucro no cumprimento dos fins previstos na cláusula anterior, establecéndose expresamente a desadscrición en caso de incumprimento. Se os bens cedidos orixinan algún tipo de ingreso, tal circunstancia deberá ser comunicada á Deputación da Coruña

4.- Todos os gastos e impostos da presente adscrición demanial serán a costa do



Concello de Santiago de Compostela, incluídas – se fose o caso- as actuacións administrativas, escrituras públicas e inscricións rexistras que se precisen con carácter previo para regularizar a titularidade das propiedades cedidas. Do mesmo xeito, todos os tributos e gastos que orixinen as propiedades a partir da formalización da presente cesión serán a costa do Concello de Santiago de Compostela

5.- Dar traslado da referida adscrición demanial á Xunta de Galicia, segundo o previsto no artigo 21.4 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia e publicala no Boletín Oficial da Provincia

6.- Actualizar o Catálogo de Estradas da Deputación da Coruña e modificar o Inventario de Bens da corporación no senso de recoller as adscricións demaniais dos citados bens

7.- Facultar á presidencia da Deputación para asinar a correspondente acta de entrega e executar as actuacións necesarias para o total cumprimento do presente acordo.”

**8.- Dación de conta ao Pleno da Corporación Provincial da aprobación do modificado dos pregos de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa relativo a un convenio asinado entre a Deputación da Coruña e Concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación Provincial da aprobación do modificado dos pregos de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa relativo a un convenio asinado entre a Deputación da Coruña e Concello de Mañón polo que se instrumentaba unha subvención nominativa para financiar a adquisición dun camión de caixa basculante con grúa, asinado polo arquitecto técnico municipal Emilio Piñeiro Hermida e cun orzamento de contrata de 97.405,00 €.

**9.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Baña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora do viario de Lañas ao Pazo".**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“1.º- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello da Baña **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da mellora do viario de Lañas ao Pazo**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2.º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención.



Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de A Baña polo que se instrumente unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras de mellora do viario de Lañas ao Pazo**”, cunha achega provincial de **200.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización** o que representa un coeficiente de financiamento do **66.66667 %** respecto dun orzamento de **299.999,98 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

**5º.-Será precisa para a tramitación do expediente que o Pleno aprobe a través dun expediente de modificación de créditos (EMC) a habilitación dunha aplicación orzamentaria que financie o outorgamento dunha axuda ao concello de A Baña para cofinanciar as obras de mellora do viario de Lañas ao Pazo, en A Baña, cunha achega máxima provincial de 200.000,00 euros sobre un orzamento de 299.999,98 euros, sendo o servizo de fiscalización o que indicará a este servizo a aplicación orzamentaria e do documento contable que podería financiar esta axuda.**

Tamén, **con carácter previo á tramitación do expediente de subvención directa, deberá propoñerse a modificación do Plan estratéxico de subvencións (PES) 2025-2027** para que antes do seu outorgamento, a subvención estea incluída no PES como requisito previo e preceptivo para o outorgamento, segundo o artigo 8 da Lei de Xeral de Subvencións.

Unha vez habilitado o crédito e incluída no PES, poderá outorgarse a subvención e aprobar o texto do convenio, con carácter previo á súa formalización.

Malia o anterior, a aprobación do texto do convenio de colaboración podería tramitarse con anterioridade ou simultaneamente á habilitación do crédito, deixando condicionada a formalización a que o Pleno da Corporación aprobe co referido EMC os cambios orzamentarios correspondentes, formalizando o convenio trala aprobación do EMC, como documento administrativo que instrumenta a axuda ao Concello de **A Baña** para cofinanciar as **obras de mellora do viario de Lañas ao Pazo**.

## ANEXO

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE A BAÑA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO VIARIO DE LAÑAS AO PAZO.**

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025

Ante min, \_\_\_\_\_, Secretario/a Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario/a actuante

## REUNIDOS

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña



E doutra parte D. \_\_\_\_\_ a Alcaldesa-Presidenta do Concello de **A Baña**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **A Baña** considera de primeira necesidade as **obras de mellora do viario de Lañas ao Pazo**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*“...Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.*

*Visto o obxecto do proxecto “Mellora do viario de Lañas ao Pazo” e que se considera o carácter urxente da obra en atención a cumprir o obxectivo de mellorar a estrada que discorre dende Vilar da Torre e Paramos.*

*Visto o obxectivo do proxecto “Mellora do viario de Lañas ao Pazo” : A estrada provincial CP0702 discorre entre Seilan e Paramos. O tramo entre Seilán e Vilar da Torre é de titularidade da Deputación Provincial, mentres que o tramo entre Vilar da Torre é de titularidade municipal.*

*A CP- 0702 soporta un importante tráfico intermunicipal. O tramo municipal de dita vía fai que o concello teña que facer fronte non só o mantemento da vía, senón que debe atender as emerxencias que se producen na mesma.*

*Por outro lado as condicións de circulación no tramo municipal son peores que os do tramo provincial, con menos anchura de vía e peores condicións de firme,*



*agravadas pola non existencia dunha separación física de ambos tramos...”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de A Baña** ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **A Baña** con CIF P1500700H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento as obra de mellora do viario de Lañas ao Pazo, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro número de colexiado 22.992 asinado en abril de 2024.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

|                                |                         |
|--------------------------------|-------------------------|
| Orzamento Execución Material   | 208.347,79 euros        |
| Gastos xerais 13,00%           | 27.085,21 euros         |
| Beneficio Industrial 6,00 %    | 12.500,87 euros         |
| IVE (21%)                      | 52.066,11 euros         |
| <b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b> | <b>299.999,98 euros</b> |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **66.66667%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e





suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **66.66667** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria \_\_\_\_\_, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado,



deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.



- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII**.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das





obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos



nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que



presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **10.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2025, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025 polo que se desestimou unha



alegación presentada quedando definitivamente aprobadas as Bases

Vistas as solicitudes presentadas telematicamente polos 93 concellos da provincia de acordo coas Bases reguladoras do Plan, partindo das achegas provinciais que lles foron asignadas mediante a aplicación dos criterios obxectivos previstos nas Bases

Tendo en conta que a solicitude presentada polo concello de Touro foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía e non polo pleno do concello como esixe a base 5.A das reguladoras do Plan

Tendo en conta que unha das obras solicitadas polo concello de Noia, denominada “Mellora pavimentación en varias vías públicas en Balbargos e ampliación saneamento Ousoño-A Toxeira” cun orzamento de 57.813,14 € inclúe dúas actuacións de distinta natureza en lugares diferentes, polo que non cumpre o previsto na base 5.B.2.1 que esixe que no caso de que o proxecto inclúa varias obras estas deberán ter carácter homoxéneo

Tendo en conta que as futuras bases reguladoras do POS+2026 poderían recoller, no seu momento, as consecuencias que en adiante terá a non aprobación da solicitude polo pleno do concello ou a non aprobación de parte das obras solicitadas polos concellos por non cumprir as bases, e tamén a forma de realizar o reinvestimento da achega provincial correspondente asignada ao concello

Tendo en conta que, unha vez coñecidas as solicitudes presentadas polos concellos, en maio de 2025 a Presidenta da Comisión Informativa de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios asinou unha proposta de modificación de créditos para axustar os importes do gasto corrente e dos investimentos que se van financiar con cargo ao POS+ 2025 e, dentro dos investimentos, para desagregar por partidas os investimentos financeiramente sostibles financiados coa achega 2024, e que o correspondente expediente de modificación de créditos previsiblemente se vai someter á aprobación do pleno provincial na mesma sesión que o POS+ 2025, polo que a aprobación definitiva do Plan debe quedar condicionada á entrada en vigor do dito expediente de modificación de créditos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2025, que inclúe as solicitudes presentadas polos 92 concellos da provincia que presentaron a súa documentación correctamente.

Non incluír a solicitude presentada polo concello de Touro, que tiña asignada neste Plan unha achega provincial de 753.850,11 €, porque foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía e non polo pleno do concello como esixe a base 5.A das reguladoras do Plan. Non obstante, as Bases reguladoras do POS+ 2026 poderán regular a forma de realizar o reinvestimento da achega provincial asignada a concellos que non aprobaron nos Plans ata 2025 a súa solicitude polo pleno.

Non incluír a obra do concello de Noia denominada “Mellora pavimentación en varias vías públicas en Balbargos e ampliación saneamento Ousoño-A Toxeira” cun orzamento de 57.813,14 €, porque inclúe dúas actuacións de distinta natureza en lugares diferentes, polo que non cumpre o requisito de ter carácter homoxéneo previsto na base 5.B.2.1. Non obstante, as Bases reguladoras do POS+ 2026 poderán regular a forma de realizar o reinvestimento da achega provincial correspondente ás obras solicitadas polos concellos e non aprobadas por non cumprir as bases.



O resumo de cifras globais de financiamento dos distintos apartados nos que se estrutura, en función dos 2 tipos de achegas provinciais aplicadas e os 3 posibles obxectos do Plan, é o que se indica a continuación:

| POS + 2025                                                                             |                                  |                                  |                                  |                     |                      |
|----------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|---------------------|----------------------|
| TÁBOA RESUMO XERAL : OBXECTOS, TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL, PARTIDAS E ACHEGA MUNICIPAL |                                  |                                  |                                  |                     |                      |
| OBXECTOS                                                                               | ACHEGA PROVINCIAL 2025           | ACHEGA PROVINCIAL 2024           | T O T A L                        | CONCELLO            | TOTAL                |
| <b>Gastos correntes</b>                                                                | 0430/4592/46201<br>17.371.662,63 | 0430/4592/46201<br>18.336.758,27 | 0430/4592/46201<br>35.708.420,90 |                     | 35.708.420,90        |
| <b>Obras ou subministracións</b>                                                       | 0430/4592/76201<br>16.185.807,47 | Varías<br>14.282.469,92          |                                  | 2.512.948,06        | 32.981.225,45        |
| <b>T O T A L</b>                                                                       | <b>33.557.470,10</b>             | <b>32.619.228,19</b>             | <b>66.176.698,29</b>             | <b>2.512.948,06</b> | <b>68.689.646,35</b> |

| INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES<br>ACHEGA 2024 AO POS+ 2025 |              |                      |
|---------------------------------------------------------------------|--------------|----------------------|
| Ordenación tráfico e estacionamento                                 | 133          | 31.072,24            |
| Vías públicas                                                       | 153          | 6.333.858,43         |
| Rede sumidoiros                                                     | 160          | 1.339.695,50         |
| Abastecemento de auga potable                                       | 161          | 1.125.594,58         |
| Parques e xardíns                                                   | 171          | 323.419,36           |
| Centros docentes                                                    | 323          | 221.015,24           |
| Equipamentos culturais                                              | 333          | 75.725,36            |
| Información e promoción turística                                   | 432          | 34.259,01            |
| Estradas                                                            | 453          | 3.143.866,95         |
| Camiños veciñais                                                    | 454          | 1.653.963,25         |
|                                                                     | <b>TOTAL</b> | <b>14.282.469,92</b> |

Os datos por concello e relación de actuacións figuran nos Anexos I a VI a este expediente:

| ÍNDICE DE ANEXOS A ESTE EXPEDIENTE |                                                                |
|------------------------------------|----------------------------------------------------------------|
| Anexo I                            | Resumo xeral de cada concello por tipos de achega e obxecto    |
| Anexo II                           | Resumo por concello dos importes consumidos por tipo de achega |
| Anexo III                          | Gasto corrente                                                 |
| Anexo IV                           | Obras e subministracións (achega provincial 2025)              |
| Anexo V                            | Obras e subministracións (achega provincial 2024)              |
| Anexo VI                           | Plan Complementario                                            |



A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos 2/2025 no que se inclúe crédito adecuado e suficiente para o financiamento do POS+ 2025.

2.- Aprobación dos proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos que se detallan nos Anexos IV e V a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que nos ditos Anexos teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

3.- Aprobación o Plan Complementario ao POS+ 2025, no que se inclúen as obras e subministracións solicitadas neste apartado polos concellos. Estes investimentos inclúense no Plan con natureza de reserva, coa finalidade de poder investir en cada concello os créditos procedentes das maiores achegas ao Plan que aprobe esta deputación.

|                     |          |
|---------------------|----------|
| Plan Complementario | Anexo VI |
|---------------------|----------|

Aprobación dos proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos para a súa inclusión no Plan Complementario, e que se detallan no Anexo VI a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no dito Anexo teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

4.- A contratación das obras e subministracións incluídas neste Plan realizarase polos respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas Bases reguladoras deste Plan e coas circulares que para tal fin se lles envíen aos concellos.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que destinan a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes, de acordo co detalle que figura no correspondente Anexo a este acordo. O dito pago realizarase con cargo á partida indicada segundo os datos contables do informe da Intervención desta deputación.

|                  |           |
|------------------|-----------|
| Gastos correntes | Anexo III |
|------------------|-----------|

6.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

7- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

8.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

9.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."





POS+ 2025  
ANEXO I: RESUMO XERAL POR CONCELLO E TIPOS DE ACHEGA E OBXECTOS

| CONCELLO              | GASTOS CORRENTES       |                        |                        |                        | INVESTIMENTOS          |                     |                        |                        | TOTAIS                 |                        |       |
|-----------------------|------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|---------------------|------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|-------|
|                       | ACHEGA PROVINCIAL 2025 | ACHEGA PROVINCIAL 2024 | TOTAL GASTOS CORRENTES | ACHEGA PROVINCIAL 2025 | ACHEGA PROVINCIAL 2024 | TOTAL INVESTIMENTOS | ACHEGA PROVINCIAL 2025 | ACHEGA PROVINCIAL 2024 | ACHEGA PROVINCIAL 2025 | ACHEGA PROVINCIAL 2024 | TOTAL |
| ABEGONDO              | 373.315,17             | 362.335,31             | 735.650,48             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 373.315,17             | 362.335,31             | 735.650,48             |                        |       |
| AMES                  | 444.207,42             | 0,00                   | 444.207,42             | 326.160,41             | 747.709,95             | 1.073.870,36        | 770.367,83             | 747.709,95             | 1.518.077,78           |                        |       |
| ARANGA                | 0,00                   | 140.000,00             | 140.000,00             | 297.846,18             | 149.086,00             | 446.932,18          | 297.846,18             | 289.086,00             | 586.932,18             |                        |       |
| ARES                  | 205.860,75             | 0,00                   | 205.860,75             | 0,00                   | 199.806,02             | 199.806,02          | 205.860,75             | 199.806,02             | 405.666,77             |                        |       |
| ARTEIXO               | 847.654,43             | 822.723,42             | 1.670.377,85           | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 847.654,43             | 822.723,42             | 1.670.377,85           |                        |       |
| ARZÚA                 | 152.743,88             | 493.463,73             | 646.207,61             | 355.673,30             | 0,00                   | 355.673,30          | 508.417,18             | 493.463,73             | 1.001.880,91           |                        |       |
| BAÑA (A)              | 332.367,88             | 322.592,35             | 654.960,23             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 332.367,88             | 322.592,35             | 654.960,23             |                        |       |
| BERGONDO              | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                   | 276.586,35             | 268.451,46             | 545.037,81          | 276.586,35             | 268.451,46             | 545.037,81             |                        |       |
| BETANZOS              | 170.004,69             | 9.163,48               | 179.168,17             | 169.780,69             | 320.628,21             | 490.408,90          | 339.785,38             | 329.791,69             | 669.577,07             |                        |       |
| BOIMORTO              | 228.601,62             | 0,00                   | 228.601,62             | 46.956,02              | 267.453,00             | 314.409,02          | 275.557,64             | 267.453,00             | 543.010,64             |                        |       |
| BOIRO                 | 540.689,64             | 524.787,00             | 1.065.476,64           | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 540.689,64             | 524.787,00             | 1.065.476,64           |                        |       |
| BOQUEIXÓN             | 306.950,25             | 0,00                   | 306.950,25             | 0,00                   | 297.922,30             | 297.922,30          | 306.950,25             | 297.922,30             | 604.872,55             |                        |       |
| BRIÓN                 | 348.211,64             | 337.970,12             | 686.181,76             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 348.211,64             | 337.970,12             | 686.181,76             |                        |       |
| CABANA DE BERGANTIÑOS | 192.992,82             | 91.453,80              | 284.446,62             | 130.958,91             | 222.969,94             | 353.928,85          | 323.951,73             | 314.423,74             | 638.375,47             |                        |       |
| CABANAS               | 143.433,21             | 0,00                   | 143.433,21             | 49.244,96              | 187.011,17             | 236.256,13          | 192.678,17             | 187.011,17             | 379.689,34             |                        |       |
| CAMARIÑAS             | 28.156,86              | 231.843,14             | 260.000,00             | 210.711,83             | 0,00                   | 210.711,83          | 238.868,69             | 231.843,14             | 470.711,83             |                        |       |
| CAMBRE                | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                   | 587.286,30             | 562.641,50             | 1.149.927,80        | 587.286,30             | 562.641,50             | 1.149.927,80           |                        |       |
| CAPELA (A)            | 0,00                   | 89.527,42              | 89.527,42              | 172.551,88             | 77.949,40              | 250.501,28          | 172.551,88             | 167.476,82             | 340.028,70             |                        |       |
| CARBALLO              | 949.150,63             | 654.649,99             | 1.603.800,62           | 0,00                   | 266.584,45             | 266.584,45          | 949.150,63             | 921.234,44             | 1.870.385,07           |                        |       |
| CARNOTA               | 109.650,69             | 126.698,45             | 236.349,14             | 140.000,00             | 115.609,57             | 255.609,57          | 249.650,69             | 242.308,02             | 491.958,71             |                        |       |
| CARRAL                | 0,00                   | 10.598,11              | 10.598,11              | 278.358,51             | 259.573,39             | 537.931,90          | 278.358,51             | 270.171,50             | 548.530,01             |                        |       |
| CEDEIRA               | 328.846,35             | 319.174,40             | 648.020,75             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 328.846,35             | 319.174,40             | 648.020,75             |                        |       |
| CEE                   | 59.207,02              | 0,00                   | 59.207,02              | 240.539,78             | 290.930,72             | 531.470,50          | 299.746,80             | 290.930,72             | 590.677,52             |                        |       |
| CERCEDA               | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                   | 348.332,63             | 338.087,55             | 686.420,18          | 348.332,63             | 338.087,55             | 686.420,18             |                        |       |
| CERDIDO               | 161.310,53             | 6.781,30               | 168.091,83             | 0,00                   | 149.784,80             | 149.784,80          | 161.310,53             | 156.566,10             | 317.876,63             |                        |       |
| COIROÓS               | 169.503,34             | 164.517,95             | 334.021,29             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 169.503,34             | 164.517,95             | 334.021,29             |                        |       |
| CORCUBIÓN             | 0,00                   | 95.794,99              | 95.794,99              | 98.697,87              | 0,00                   | 98.697,87           | 98.697,87              | 95.794,99              | 194.492,86             |                        |       |
| CORISTANCO            | 114.615,29             | 146.600,04             | 261.215,33             | 335.582,87             | 290.337,59             | 625.900,46          | 450.178,16             | 436.937,63             | 887.115,79             |                        |       |
| CORUÑA (A)            | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                   | 141.257,46             | 137.102,83             | 278.360,29          | 141.257,46             | 137.102,83             | 278.360,29             |                        |       |
| CULLEREDO             | 0,00                   | 31.448,86              | 31.448,86              | 721.742,91             | 669.066,32             | 1.390.809,23        | 721.742,91             | 700.515,18             | 1.422.258,09           |                        |       |
| CURTIS                | 0,00                   | 312.212,17             | 312.212,17             | 321.673,14             | 0,00                   | 321.673,14          | 321.673,14             | 312.212,17             | 633.885,31             |                        |       |
| DODRO                 | 35.021,86              | 83.268,08              | 118.289,94             | 125.909,90             | 72.930,39              | 198.840,29          | 160.931,76             | 156.198,47             | 317.130,23             |                        |       |
| DUMBRIA               | 0,00                   | 195.164,47             | 195.164,47             | 347.611,27             | 142.222,94             | 489.834,21          | 347.611,27             | 337.387,41             | 684.998,68             |                        |       |
| FENE                  | 347.255,18             | 337.041,79             | 684.296,97             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 347.255,18             | 337.041,79             | 684.296,97             |                        |       |
| FERROL                | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                   | 275.723,53             | 267.614,01             | 543.337,54          | 275.723,53             | 267.614,01             | 543.337,54             |                        |       |
| FISTERRA              | 25.929,14              | 43.936,26              | 69.865,40              | 165.546,45             | 141.907,70             | 307.454,15          | 191.475,59             | 185.843,96             | 377.319,55             |                        |       |
| FRADES                | 0,00                   | 265.860,22             | 265.860,22             | 273.916,59             | 0,00                   | 273.916,59          | 273.916,59             | 265.860,22             | 539.776,81             |                        |       |





POS+ 2025

ANEXO I: RESUMO XERAL POR CONCELLO E TIPOS DE ACHEGA E OBXECTOS

| CONCELLO                        | GASTOS CORRENTES       |                        |                        | INVESTIMENTOS          |                        |                     | TOTALS                 |                        |              |
|---------------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|---------------------|------------------------|------------------------|--------------|
|                                 | ACHEGA PROVINCIAL 2025 | ACHEGA PROVINCIAL 2024 | TOTAL GASTOS CORRENTES | ACHEGA PROVINCIAL 2025 | ACHEGA PROVINCIAL 2024 | TOTAL INVESTIMENTOS | ACHEGA PROVINCIAL 2025 | ACHEGA PROVINCIAL 2024 | TOTAL        |
| IRIXOA                          | 0,00                   | 98.833,79              | 98.833,79              | 210.639,50             | 105.610,43             | 316.249,93          | 210.639,50             | 204.444,22             | 415.083,72   |
| LAXE                            | 0,00                   | 181.290,89             | 181.290,89             | 186.783,09             | 0,00                   | 186.783,09          | 186.783,09             | 181.290,89             | 368.073,98   |
| LARACHA (A)                     | 500.445,71             | 485.726,72             | 986.172,43             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 500.445,71             | 485.726,72             | 986.172,43   |
| LOUSAME                         | 14.722,12              | 212.541,82             | 227.263,94             | 263.607,82             | 57.601,95              | 321.209,77          | 278.329,94             | 270.143,77             | 548.473,71   |
| MALPICA DE BERGANTINOS          | 9.160,09               | 265.303,17             | 274.463,26             | 264.182,57             | 0,00                   | 264.182,57          | 273.342,66             | 265.303,17             | 538.645,83   |
| MANON                           | 0,00                   | 189.840,56             | 189.840,56             | 230.890,47             | 34.259,01              | 265.149,48          | 230.890,47             | 224.099,57             | 454.990,04   |
| MAZARICOS                       | 460.970,06             | 447.412,12             | 908.382,18             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 460.970,06             | 447.412,12             | 908.382,18   |
| MELIDE                          | 0,00                   | 461.186,54             | 461.186,54             | 475.161,88             | 0,00                   | 475.161,88          | 475.161,88             | 461.186,54             | 936.348,42   |
| MESIA                           | 0,00                   | 209.207,29             | 209.207,29             | 315.441,63             | 96.956,65              | 412.398,28          | 315.441,63             | 306.163,94             | 621.605,57   |
| MINO                            | 265.399,59             | 257.593,72             | 522.993,31             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 265.399,59             | 257.593,72             | 522.993,31   |
| MOECHE                          | 172.293,07             | 2.169,10               | 174.462,17             | 0,00                   | 165.056,53             | 165.056,53          | 172.293,07             | 167.225,63             | 339.518,70   |
| MONFERO                         | 299.665,20             | 0,00                   | 299.665,20             | 80.862,13              | 369.335,35             | 450.197,48          | 380.527,33             | 369.335,35             | 749.862,68   |
| MUGARDOS                        | 94.766,48              | 32.931,83              | 127.688,31             | 98.806,85              | 154.938,46             | 253.745,31          | 193.563,33             | 187.870,29             | 381.433,62   |
| MUXIA                           | 175.266,92             | 374.852,82             | 550.119,74             | 210.945,08             | 0,00                   | 210.945,08          | 366.212,00             | 374.852,82             | 761.064,82   |
| MUROS                           | 340.797,47             | 330.774,02             | 671.571,49             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 340.797,47             | 330.774,02             | 671.571,49   |
| NARÓN                           | 252.983,40             | 453.791,72             | 706.775,12             | 587.700,67             | 362.166,35             | 949.867,02          | 840.684,07             | 815.958,07             | 1.656.642,14 |
| NEDA                            | 190.494,97             | 109.166,82             | 299.661,79             | 0,00                   | 75.725,36              | 75.725,36           | 190.494,97             | 184.892,18             | 375.387,15   |
| NEGREIRA                        | 0,00                   | 418.651,33             | 418.651,33             | 431.337,73             | 0,00                   | 431.337,73          | 431.337,73             | 418.651,33             | 849.989,06   |
| NOIA                            | 28.846,16              | 228.979,22             | 257.825,38             | 281.441,50             | 128.295,09             | 409.736,59          | 310.287,66             | 357.274,31             | 667.561,97   |
| OLEIROS                         | 795.560,86             | 0,00                   | 795.560,86             | 0,00                   | 772.162,01             | 772.162,01          | 795.560,86             | 772.162,01             | 1.567.722,87 |
| ORDES                           | 140.467,30             | 254.485,47             | 394.952,77             | 427.729,85             | 297.000,00             | 724.729,85          | 588.197,15             | 551.485,47             | 1.119.682,62 |
| OROSO                           | 347.711,76             | 0,00                   | 347.711,76             | 0,00                   | 337.484,94             | 337.484,94          | 347.711,76             | 337.484,94             | 685.196,70   |
| ORTIGUEIRA                      | 280.936,41             | 43.958,67              | 324.895,08             | 299.302,31             | 519.214,21             | 818.516,52          | 580.238,72             | 563.172,88             | 1.143.411,60 |
| OUTES                           | 357.429,76             | 346.917,12             | 704.346,88             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 357.429,76             | 346.917,12             | 704.346,88   |
| PADERNE                         | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                   | 198.627,06             | 192.785,09             | 391.412,15          | 198.627,06             | 192.785,09             | 391.412,15   |
| PADRÓN                          | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                   | 300.671,90             | 291.828,61             | 592.500,51          | 300.671,90             | 291.828,61             | 592.500,51   |
| PINO (O)                        | 399.653,88             | 0,00                   | 399.653,88             | 0,00                   | 387.899,35             | 387.899,35          | 399.653,88             | 387.899,35             | 787.553,23   |
| POBRA DO CARMIÑAL (A)           | 276.531,61             | 268.398,33             | 544.929,94             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 276.531,61             | 268.398,33             | 544.929,94   |
| PONTECESO                       | 358.561,09             | 348.015,18             | 706.576,27             | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 358.561,09             | 348.015,18             | 706.576,27   |
| PONTEDEUME                      | 0,00                   | 257.968,59             | 257.968,59             | 265.785,82             | 0,00                   | 265.785,82          | 265.785,82             | 257.968,59             | 523.754,41   |
| PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS) | 698.414,34             | 677.872,74             | 1.376.287,08           | 0,00                   | 0,00                   | 0,00                | 698.414,34             | 677.872,74             | 1.376.287,08 |
| PORTO DO SON                    | 181.458,89             | 32.429,37              | 213.888,26             | 219.980,72             | 357.203,19             | 577.183,91          | 401.439,61             | 389.632,56             | 791.072,17   |
| RIANXO                          | 177.524,39             | 341.122,65             | 518.647,04             | 173.935,31             | 0,00                   | 173.935,31          | 351.459,70             | 341.122,65             | 692.582,35   |
| RIBEIRA                         | 165.281,31             | 631.772,59             | 797.053,90             | 485.635,90             | 0,00                   | 485.635,90          | 650.917,21             | 631.772,59             | 1.282.689,80 |
|              | TOTAL                                                                                                                                                  | 126.592,75 | 0,00          | 126.592,75               |                                                    |





POS+ 2025

ANEXO VI: PLAN COMPLEMENTARIO  
INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

(1) Autorización xa achegada polo concello  
pero a documentación está incompleta

| CONCELLO            | DENOMINACIÓN                                                                                                                                  | Orzamento     | IVE deducible | Orzamento subvencionable | Condición                                               |
|---------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------|--------------------------|---------------------------------------------------------|
| CARIÑO              | Execución de cerramento e gradás na pista polideportiva municipal de Caríño                                                                   | 96.955,73     | 0,00          | 96.955,73                | Supervisión favorable do proxecto                       |
|                     | TOTAL                                                                                                                                         | 96.955,73     | 0,00          | 96.955,73                |                                                         |
|                     |                                                                                                                                               |               |               |                          |                                                         |
| OZA-CESURAS         | Aglomerado de camiños nas localidades de A Codeseira e O Anilladoiro e camiño entre O Forte e S. Mamede                                       | 66.723,74     | 0,00          | 66.723,74                | Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) |
|                     | Aglomerado de camiños entre as localidades de Sesto e Regueira e dende a CP-2602 ata A Pedreira. Parroquias de Filgueira de Traba e Figueredo | 79.628,10     | 0,00          | 79.628,10                | Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación      |
|                     | TOTAL                                                                                                                                         | 146.351,84    | 0,00          | 146.351,84               |                                                         |
|                     |                                                                                                                                               |               |               |                          |                                                         |
| TOTAL               |                                                                                                                                               | 28.781.352,67 | 20.311,12     | 28.761.041,55            |                                                         |
| NÚMERO DE CONCELLOS |                                                                                                                                               | 92            |               |                          |                                                         |
| NÚMERO DE OBRAS     |                                                                                                                                               | 209           |               |                          |                                                         |



**11.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 3/2025 para a redución da débeda dos concellos con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+ 2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ Adicional 3/2025 para a redución da débeda dos concellos con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+ 2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda, no que se acreditan os seguintes

#### **I.- ANTECEDENTES**

Vistas as Bases reguladoras do POS+ 2025, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 29 de novembro de 2024, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que no prazo de exposición pública tiveron unha alegación que foi desestimada mediante acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025, quedando definitivamente aprobadas as Bases

Visto que no expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2024, aprobado inicialmente polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de outubro de 2024, consignouse a cantidade de 12.000.000,00 € na partida 0430/4592/46201 para o financiamento do POS+ Adicional 3/2025 para a redución da débeda dos concellos con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+ 2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda; e que esta consignación foi retomada como crédito de corrente a través do EMC 1/2025 aprobado polo pleno do 28 de febreiro de 2025

Vistas as solicitudes do POS+ Adicional 3/2025 presentadas polos 93 concellos da provincia, dos que os 76 concellos que máis adiante se indican aplican a achega provincial asignada a minorar a débeda que teñen con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+ 2017 a 2023; e os 17 concellos restantes, que non teñen débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans indicados, aplican a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes do ano 2025

#### **II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2025, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 29 de novembro de 2024, e publicadas no



Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que no prazo de exposición pública tiveron unha alegación que foi desestimada mediante acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025, quedando definitivamente aprobadas as Bases

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ Adicional 3/2025 cuxo obxecto é a redución da débeda que 76 concellos da provincia teñen con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+ 2017 a 2023, ou para gasto corrente dos 17 concellos sen esta débeda, cuxo resumo de datos de financiamento é o que deseguido se indica, e cuxo detalle por concello figura nos anexos I a III a este acordo:

| ÍNDICE DE ANEXOS |                                   |
|------------------|-----------------------------------|
| ANEXO I          | Resumo xeral por concello         |
| ANEXO II         | Redución da débeda coa deputación |
| ANEXO III        | Gastos correntes                  |

| 76 CONCELLOS CON DÉBEDA COA DEPUTACIÓN POR PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PAI E POS+ |                        |                        |                |
|------------------------------------------------------------------------------|------------------------|------------------------|----------------|
| Abegondo                                                                     | Corcubión              | Muros                  | Rois           |
| Ames                                                                         | Coristanco             | Narón                  | Sada           |
| Ares                                                                         | Coruña (A)             | Neda                   | San Sadurniño  |
| Arzúa                                                                        | Culleredo              | Negreira               | Santa Comba    |
| Baña (A)                                                                     | Dodro                  | Noia                   | Santiago de C. |
| Betanzos                                                                     | Dumbría                | Oleiros                | Santiso        |
| Boiro                                                                        | Fene                   | Ordes                  | Somozas (As)   |
| Boqueixón                                                                    | Ferrol                 | Oroso                  | Teo            |
| Brión                                                                        | Fisterra               | Ortigueira             | Toques         |
| Cabana de Bergantiños                                                        | Frades                 | Outes                  | Tordoia        |
| Cabanas                                                                      | Laxe                   | Padrón                 | Touro          |
| Camariñas                                                                    | Laracha (A)            | Pino (O)               | Trazo          |
| Cambre                                                                       | Lousame                | Pobra do Caramiñal (A) | Valdoviño      |
| Carballo                                                                     | Malpica de Bergantiños | Ponteceso              | Val do Dubra   |
| Carnota                                                                      | Mañón                  | Pontedeume             | Vedra          |
| Carral                                                                       | Melide                 | Pontes de G. R (As)    | Vilasantar     |



|         |         |              |             |
|---------|---------|--------------|-------------|
| Cedeira | Miño    | Porto do Son | Vimianzo    |
| Cerceda | Moeche  | Rianxo       | Cariño      |
| Coirós  | Monfero | Ribeira      | Oza-Cesuras |

| 17 CONCELLOS SEN DÉBEDA COA DEPUTACIÓN |           |          |            |
|----------------------------------------|-----------|----------|------------|
| Aranga                                 | Cee       | Mesía    | Vilarmajor |
| Arteixo                                | Cerdido   | Mugardos | Zas        |
| Bergondo                               | Curtis    | Muxía    |            |
| Boimorto                               | Irixoa    | Paderne  |            |
| Capela (A)                             | Mazaricos | Sobrado  |            |

|                                               |                            |                 |                     |                      |                      |
|-----------------------------------------------|----------------------------|-----------------|---------------------|----------------------|----------------------|
| <b>POS+ AD 3/2025</b><br><b>12.000.000,00</b> | 76 concellos con débeda    | Redución débeda |                     | 10.127.307,57        | 10.127.307,57        |
|                                               | 17 concellos sen débeda    | Gasto corrente  | 1.872.692,43        |                      | 1.872.692,43         |
| <b>PARTIDA</b><br><b>0430/4592/46201</b>      | <b>Total POS+ AD3/2025</b> |                 | <b>1.872.692,43</b> | <b>10.127.307,57</b> | <b>12.000.000,00</b> |

2.- Minorar a débeda que os 76 concellos indicados no apartado anterior teñen con esta deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+ 2017 a 2023, de acordo co detalle que figura no Anexo II a este acordo, minorando en primeiro lugar a débeda correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar minorarase o préstamo provincial aplicado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e a continuación o aplicado para o financiamento de investimentos.

3.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que destinan a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes, de acordo co detalle que figura no Anexo III a este acordo. O dito pago realizarase con cargo á partida indicada, e segundo os datos contables do informe da Intervención desta deputación.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións."



## POS+ADICIONAL 3/2025

## Anexo I: RESUMO XERAL POR CONCELLO

| CONCELLO               | TOTAL ASIGNADO<br>POS+AD 3/2025 | REDUCCIÓN DÉBEDA | GASTOS CORRENTES |
|------------------------|---------------------------------|------------------|------------------|
| Abegondo               | 131.758,30                      | 131.758,30       |                  |
| Ames                   | 271.894,53                      | 271.894,53       |                  |
| Aranga                 | 105.122,18                      |                  | 105.122,18       |
| Ares                   | 72.656,74                       | 72.656,74        |                  |
| Arteixo                | 299.172,15                      |                  | 299.172,15       |
| Arzúa                  | 179.441,36                      | 179.441,36       |                  |
| Baña (A)               | 117.306,31                      | 117.306,31       |                  |
| Bergondo               | 97.618,71                       |                  | 97.618,71        |
| Betanzos               | 119.924,25                      | 119.924,25       |                  |
| Boimorto               | 97.255,64                       |                  | 97.255,64        |
| Boiro                  | 190.831,64                      | 190.831,64       |                  |
| Boqueixón              | 108.335,38                      | 108.335,38       |                  |
| Brión                  | 122.898,23                      | 122.898,23       |                  |
| Cabana de Bergantiños  | 114.335,90                      | 114.335,90       |                  |
| Cabanas                | 68.004,06                       | 68.004,06        |                  |
| Camariñas              | 84.306,60                       | 84.306,60        |                  |
| Cambre                 | 208.041,46                      | 208.041,46       |                  |
| Capela (A)             | 60.900,66                       |                  | 60.900,66        |
| Carballo               | 334.994,34                      | 334.994,34       |                  |
| Carnota                | 88.112,01                       | 88.112,01        |                  |
| Carral                 | 98.244,18                       | 98.244,18        |                  |
| Cedeira                | 116.063,42                      | 116.063,42       |                  |
| Cee                    | 105.792,99                      |                  | 105.792,99       |
| Cerceda                | 122.940,93                      | 122.940,93       |                  |
| Cerdido                | 56.933,13                       |                  | 56.933,13        |
| Coirós                 | 59.824,71                       | 59.824,71        |                  |
| Corcubión              | 34.834,54                       | 34.834,54        |                  |
| Coristanco             | 158.886,41                      | 158.886,41       |                  |
| Coruña (A)             | 49.855,57                       | 49.855,57        |                  |
| Culleredo              | 254.732,79                      | 254.732,79       |                  |
| Curtis                 | 113.531,70                      |                  | 113.531,70       |
| Dodro                  | 56.799,44                       | 56.799,44        |                  |
| Dumbría                | 122.686,33                      | 122.686,33       |                  |
| Fene                   | 122.560,65                      | 122.560,65       |                  |
| Ferrol                 | 97.314,19                       | 97.314,19        |                  |
| Fisterra               | 67.579,62                       | 67.579,62        |                  |
| Frades                 | 96.676,44                       | 96.676,44        |                  |
| Irixoa                 | 74.343,35                       |                  | 74.343,35        |
| Laxe                   | 65.923,96                       | 65.923,96        |                  |
| Laracha (A)            | 176.627,90                      | 176.627,90       |                  |
| Lousame                | 98.234,10                       | 98.234,10        |                  |
| Malpica de Bergantiños | 96.473,88                       | 96.473,88        |                  |
| Mañón                  | 81.490,75                       | 81.490,75        |                  |
| Mazaricos              | 162.695,32                      |                  | 162.695,32       |
| Melide                 | 167.704,20                      | 167.704,20       |                  |
| Mesía                  | 111.332,34                      |                  | 111.332,34       |
| Miño                   | 93.670,44                       | 93.670,44        |                  |
| Moeche                 | 60.809,32                       | 60.809,32        |                  |
| Monfero                | 134.303,76                      | 134.303,76       |                  |



**POS+ADICIONAL 3/2025**  
**Anexo I: RESUMO XERAL POR CONCELLO**

| CONCELLO                        | TOTAL ASIGNADO<br>POS+AD 3/2025 | REDUCCIÓN DÉBEDA     | GASTOS CORRENTES    |
|---------------------------------|---------------------------------|----------------------|---------------------|
| Mugardos                        | 68.316,47                       |                      | 68.316,47           |
| Muxía                           | 136.310,12                      |                      | 136.310,12          |
| Muros                           | 120.281,46                      | 120.281,46           |                     |
| Narón                           | 296.712,02                      | 296.712,02           |                     |
| Neda                            | 67.233,52                       | 67.233,52            |                     |
| Negreira                        | 152.236,85                      | 152.236,85           |                     |
| Noia                            | 129.917,93                      | 129.917,93           |                     |
| Oleiros                         | 280.786,19                      | 280.786,19           |                     |
| Ordes                           | 200.540,17                      | 200.540,17           |                     |
| Oroso                           | 122.721,80                      | 122.721,80           |                     |
| Ortigueira                      | 204.790,14                      | 204.790,14           |                     |
| Outes                           | 126.151,68                      | 126.151,68           |                     |
| Paderne                         | 70.103,67                       |                      | 70.103,67           |
| Padrón                          | 106.119,49                      | 106.119,49           |                     |
| Pino (O)                        | 141.054,31                      | 141.054,31           |                     |
| Pobra do Caramiñal (A)          | 97.599,39                       | 97.599,39            |                     |
| Ponteceso                       | 126.550,97                      | 126.550,97           |                     |
| Pontedeume                      | 93.806,76                       | 93.806,76            |                     |
| Pontes de García Rodríguez (As) | 246.499,18                      | 246.499,18           |                     |
| Porto do Son                    | 141.684,57                      | 141.684,57           |                     |
| Rianxo                          | 124.044,60                      | 124.044,60           |                     |
| Ribeira                         | 229.735,49                      | 229.735,49           |                     |
| Rois                            | 116.607,31                      | 116.607,31           |                     |
| Sada                            | 146.392,55                      | 146.392,55           |                     |
| San Sadurniño                   | 100.200,74                      | 100.200,74           |                     |
| Santa Comba                     | 218.177,69                      | 218.177,69           |                     |
| Santiago de Compostela          | 213.612,41                      | 213.612,41           |                     |
| Santiso                         | 96.561,53                       | 96.561,53            |                     |
| Sobrado                         | 112.871,62                      |                      | 112.871,62          |
| Somozas (As)                    | 78.473,55                       | 78.473,55            |                     |
| Teo                             | 195.962,93                      | 195.962,93           |                     |
| Toques                          | 84.753,93                       | 84.753,93            |                     |
| Tordoia                         | 120.907,94                      | 120.907,94           |                     |
| Touro                           | 135.017,93                      | 135.017,93           |                     |
| Trazo                           | 110.161,41                      | 110.161,41           |                     |
| Valdoviño                       | 120.133,89                      | 120.133,89           |                     |
| Val do Dubra                    | 119.623,05                      | 119.623,05           |                     |
| Vedra                           | 98.828,87                       | 98.828,87            |                     |
| Vilasantar                      | 69.442,61                       | 69.442,61            |                     |
| Vilarmaior                      | 51.674,02                       |                      | 51.674,02           |
| Vimianzo                        | 184.325,24                      | 184.325,24           |                     |
| Zas                             | 148.718,36                      |                      | 148.718,36          |
| Cariño                          | 74.267,63                       | 74.267,63            |                     |
| Oza-Cesuras                     | 188.311,20                      | 188.311,20           |                     |
| <b>TOTAL</b>                    | <b>12.000.000,00</b>            | <b>10.127.307,57</b> | <b>1.872.692,43</b> |
| <b>Nº CONCELLOS</b>             | <b>93</b>                       | <b>76</b>            | <b>17</b>           |





**POS+ADICIONAL 3/2025**  
**Anexo II: REDUCCIÓN DÉBEDA**

| CONCELLO               | ACHEGA APLICADA<br>Á REDUCCIÓN DÉBEDA |
|------------------------|---------------------------------------|
| Abegondo               | 131.758,30                            |
| Ames                   | 271.894,53                            |
| Ares                   | 72.656,74                             |
| Arzúa                  | 179.441,36                            |
| Baña (A)               | 117.306,31                            |
| Betanzos               | 119.924,25                            |
| Boiro                  | 190.831,64                            |
| Boqueixón              | 108.335,38                            |
| Brión                  | 122.898,23                            |
| Cabana de Bergantiños  | 114.335,90                            |
| Cabanas                | 68.004,06                             |
| Camariñas              | 84.306,60                             |
| Cambre                 | 208.041,46                            |
| Carballo               | 334.994,34                            |
| Carnota                | 88.112,01                             |
| Carral                 | 98.244,18                             |
| Cedeira                | 116.063,42                            |
| Cerceda                | 122.940,93                            |
| Coirós                 | 59.824,71                             |
| Corcubión              | 34.834,54                             |
| Coristanco             | 158.886,41                            |
| Coruña (A)             | 49.855,57                             |
| Culleredo              | 254.732,79                            |
| Dodro                  | 56.799,44                             |
| Dumbría                | 122.686,33                            |
| Fene                   | 122.560,65                            |
| Ferrol                 | 97.314,19                             |
| Fisterra               | 67.579,62                             |
| Frades                 | 96.676,44                             |
| Laxe                   | 65.923,96                             |
| Laracha (A)            | 176.627,90                            |
| Lousame                | 98.234,10                             |
| Malpica de Bergantiños | 96.473,88                             |
| Mañón                  | 81.490,75                             |
| Melide                 | 167.704,20                            |
| Miño                   | 93.670,44                             |
| Moeche                 | 60.809,32                             |
| Monfero                | 134.303,76                            |

| CONCELLO               | ACHEGA APLICADA<br>Á REDUCCIÓN DÉBEDA |
|------------------------|---------------------------------------|
| Muros                  | 120.281,46                            |
| Narón                  | 296.712,02                            |
| Neda                   | 67.233,52                             |
| Negreira               | 152.236,85                            |
| Noia                   | 129.917,93                            |
| Oleiros                | 280.786,19                            |
| Ordes                  | 200.540,17                            |
| Oroso                  | 122.721,80                            |
| Ortigueira             | 204.790,14                            |
| Outes                  | 126.151,68                            |
| Padrón                 | 106.119,49                            |
| Pino (O)               | 141.054,31                            |
| Pobra do Caramiñal (A) | 97.599,39                             |
| Ponteceso              | 126.550,97                            |
| Pontedeume             | 93.806,76                             |
| Pontes z (As)          | 246.499,18                            |
| Porto do Son           | 141.684,57                            |
| Rianxo                 | 124.044,60                            |
| Ribeira                | 229.735,49                            |
| Rois                   | 116.607,31                            |
| Sada                   | 146.392,55                            |
| San Sadurniño          | 100.200,74                            |
| Santa Comba            | 218.177,69                            |
| Santiago de C.         | 213.612,41                            |
| Santiso                | 96.561,53                             |
| Somozas (As)           | 78.473,55                             |
| Teo                    | 195.962,93                            |
| Toques                 | 84.753,93                             |
| Tordoia                | 120.907,94                            |
| Touro                  | 135.017,93                            |
| Trazo                  | 110.161,41                            |
| Valdoviño              | 120.133,89                            |
| Val do Dubra           | 119.623,05                            |
| Vedra                  | 98.828,87                             |
| Vilasantar             | 69.442,61                             |
| Vimianzo               | 184.325,24                            |
| Cariño                 | 74.267,63                             |
| Oza-Cesuras            | 188.311,20                            |

|                     |                      |
|---------------------|----------------------|
| <b>TOTAL</b>        | <b>10.127.307,57</b> |
| <b>Nº CONCELLOS</b> | <b>76</b>            |





**POS+ADICIONAL 3/2025**  
**Anexo III: GASTOS CORRENTES**

| CONCELLO            | ACHEGA APLICADA<br>A GASTOS CORRENTES |
|---------------------|---------------------------------------|
| ARANGA              | 105.122,18                            |
| ARTEIXO             | 299.172,15                            |
| BERGONDO            | 97.618,71                             |
| BOIMORTO            | 97.255,64                             |
| CAPELA (A)          | 60.900,66                             |
| CEE                 | 105.792,99                            |
| CERDIDO             | 56.933,13                             |
| CURTIS              | 113.531,70                            |
| IRIXOA              | 74.343,35                             |
| MAZARICOS           | 162.695,32                            |
| MESIA               | 111.332,34                            |
| MUGARDOS            | 68.316,47                             |
| MUXÍA               | 136.310,12                            |
| PADERNE             | 70.103,67                             |
| SOBRADO             | 112.871,62                            |
| VILARMAIOR          | 51.674,02                             |
| ZAS                 | 148.718,36                            |
| <b>TOTAL</b>        | <b>1.872.692,43</b>                   |
| <b>Nº CONCELLOS</b> | <b>17</b>                             |



**12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado de marquesiña na rúa Camelias", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0230.0.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello das Pontes de García Rodríguez do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado de marquesiña na rúa Camelias”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0230.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

| Concello                      | Código           | Denominación                                                                                  | Deputación | Concello | Total      |
|-------------------------------|------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|------------|----------|------------|
| As Pontes de García Rodríguez | 2022.2000.0230.0 | Mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado de marquesiña na rúa Camelias | 191.270,00 | 0,00     | 191.270,00 |

Logo de presentar o Concello das Pontes García Rodríguez un proxecto técnico modificado deste investimento, redactado polos arquitectos María Cruz Vigo Castro, Flavia Concepción Piñeiro Ces e Francisco Javier Prieto Orallo, que xa redactaran o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 223.349,31 € o que supón un incremento de 32.079,31 € con respecto ao do proxecto inicialmente aprobado, para reaxustar os prezos e facer viable a obra.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2022, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante



acordo plenario do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado de marquesiña na rúa Camelias”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0230.0. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o 28 de xullo de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e que supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial, para reaxustar os prezos e facer viable a obra, que é asumido integramente polo Concello das Pontes de García Rodríguez, tal e como se indica na seguinte táboa:

| <b>Proxecto modificado</b><br>Concello das Pontes de García Rodríguez “Mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado de marquesiña na rúa Camelias”<br><b>Código 2022.2000.0230.0</b> | <b>PROXECTO INICIAL</b> | <b>PROXECTO MODIFICADO</b> | <b>DIFERENZA</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|------------------|
| <b>Deputación</b>                                                                                                                                                                                       | 191.270,00              | 191.270,00                 | 0,00             |
| <b>Concello</b>                                                                                                                                                                                         | 0,00                    | 32.079,31                  | 32.079,31        |
| <b>Total</b>                                                                                                                                                                                            | 191.270,00              | 223.349,31                 | 32.079,31        |

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello das Pontes de García Rodríguez asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, constando certificación asinada dixitalmente o 24 de xaneiro de 2025 pola interventora municipal do concello, Cristina Morán Monzo acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.”

**13.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/2025 de aprobación polo Pleno.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobado inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2025 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 33.562.772,49 € que ofrece o seguinte resumo:



## A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

|                                |                      |
|--------------------------------|----------------------|
| Créditos extraordinarios (CE): | 1.226.942,90         |
| Suplementos de crédito (SC):   | 32.335.829,59        |
| <b>Total aumentos:</b>         | <b>33.562.772,49</b> |

### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

|                             |                      |
|-----------------------------|----------------------|
| Baixas por anulación (BA):  | 163.750,00           |
| Remanente de Tesourería:    | 33.399.022,49        |
| <b>Total financiamento:</b> | <b>33.562.772,49</b> |

## B) RESUMO POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

| Capítulo                        | Altas                | Baixas            |
|---------------------------------|----------------------|-------------------|
| <b>1</b> Gastos de persoal      | 0,00                 | 0,00              |
| <b>2</b> Gastos correntes       | 1.099.030,50         | 0,00              |
| <b>3</b> Gastos financeiros     | 0,00                 | 0,00              |
| <b>4</b> Trans. Correntes       | 16.463.860,89        | 163.750,00        |
| <b>5</b> Fondo continx. e o. i. | 0,00                 | 0,00              |
| <b>6</b> Investimentos reais    | 564.800,17           | 0,00              |
| <b>7</b> Trans. de capital      | 15.435.080,93        | 0,00              |
| <b>8</b> Activos financeiros    | 0,00                 | 0,00              |
| <b>9</b> Pasivos financeiros    | 0,00                 | 0,00              |
| <b>TOTAL:</b>                   | <b>33.562.772,49</b> | <b>163.750,00</b> |

### B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

| Capítulo                                 | Altas                |
|------------------------------------------|----------------------|
| <b>1</b> Impostos directos               | 0,00                 |
| <b>2</b> Impostos indirectos             | 0,00                 |
| <b>3</b> Taxas e outros ingresos         | 0,00                 |
| <b>4</b> Transferencias correntes        | 0,00                 |
| <b>5</b> Ingresos patrimoniais           | 0,00                 |
| <b>6</b> Alleamento investimentos reais  | 0,00                 |
| <b>7</b> Transferencias de capital       | 0,00                 |
| <b>8</b> Act. Finan. (Reman. Tesourería) | 33.399.022,49        |
| <b>9</b> Pasivos financeiros             | 0,00                 |
| <b>TOTAL:</b>                            | <b>33.399.022,49</b> |

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos



169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**4.-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**5.-** Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2025 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

**6.-** No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

**7.-** Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

**14.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a abril de 2025.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- Velar por que a seguridade da información téñase en conta en todos os proxectos de TIC desde a súa especificación inicial ata a súa posta en operación. En particular, deberá velar pola creación e utilización de servizos horizontais que reduzan duplicidades e apoien un funcionamento homoxéneo de todos os sistemas TIC.

- Supervisar e participar na resolución dos incidentes de seguridade que se poidan producir e expor as estratexias e salvagardas ante os mesmos, velando pola adecuada coordinación dos diferentes actores involucrados na xestión destes incidentes.

- Impulsar a realización das auditorías ordinarias regulares, polo menos cada dous anos, que permitan verificar o cumprimento das obrigacións da Deputación en materia de seguridade.

- Analizar información de indicadores de seguridade que puidese haber definidos. Tomar decisións en caso de desviación respecto a os limiares establecidos.

- Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre os diferentes responsables e/o entre diferentes áreas da Deputación, elevando aqueles casos nos que non teña suficiente autoridade para decidir.

- Promover a mellora continua da seguridade da información.

O Comité de Seguridade da Información terá unha composición de membros fixos e outros que participarán en función dos temas para tratar.

Serán membros fixos do Comité de Seguridade:

- O Presidente da Deputación
- O Secretario Xeral da Deputación
- O Responsable de Seguridade da Información
- A Administradora de Seguridade da Información
- O Delegado de Protección de Datos
- O Responsable do Sistema
- O Responsable de Seguridade Física
- Os responsables dos diferentes Servizos da Deputación, ou o deputado que os represente.

Adicionalmente, poderán asistir ao Comité de Seguridade os responsables das materias específicas a tratar nas reunións, que poderán ser convidados en función do contido da axenda.

### **Frecuencia de reunións do Comité de Seguridade da Información**



O Comité de Seguridade da Información reunirase con carácter ordinario, como mínimo, unha vez cada seis meses e, extraordinariamente, por convocatoria dalgún dos seus membros fixos.

### **Convocatorias do Comité de Seguridade**

As convocatorias do Comité de Seguridade serán realizadas polo Secretario do Comité, quen elaborará unha acta recollendo os asuntos tratados e as decisións tomadas.

O Secretario do Comité preparará a axenda de temas a tratar, achegando a información necesaria para a toma de decisións e será o responsable de que as accións acordadas leven a cabo, xa sexa por execución directa ou por delegación.

### **Estrutura de Operación**

A estrutura de operación da seguridade debe asumir a administración operativa da seguridade dos sistemas de información, implantando nos devanditos sistemas as medidas necesarias para satisfacer os requisitos de seguridade establecidos pola estrutura de especificación.

Descríbense a continuación as funcións e responsabilidades das figuras asociadas á estrutura de operación.

#### **Responsable dos Sistemas de Información**

As súas funcións e responsabilidades son:

- Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida, incluíndo as súas especificacións, instalación e verificación do seu correcto funcionamento.
- Definir a topoloxía e a xestión do sistema de información, establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.
- Confirmarse de que as medidas de seguridade intégrense adecuadamente no marco xeral de seguridade.
- Definir, en coordinación co Responsable de Seguridade da Información, as especificacións funcionais de seguridade dos Sistemas de Información da Deputación.
- Garantir que no deseño de sistemas de información e redes de comunicacións contémplense desde o principio os aspectos necesarios de seguridade da información en canto a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticación, control de acceso, auditoría e rexistro.
- Revisar que a configuración de seguridade tras a instalación dun sistema novo é a adecuada.
- Revisar que a configuración de seguridade tras os cambios nun sistema segue sendo a adecuada.



- Verificar o funcionamento de mecanismos de Control de Acceso que eviten que un usuario acceda a datos ou recursos con dereitos distintos dos autorizados, sen que en ningún caso poidanse desactivar.

- Seguir os foros de vulnerabilidades e elaboración do calendario de aplicación de parches para os sistemas de información, en función dos que xurdan e o impacto que teñan na seguridade (os parches mesmos aplicaranos os administradores de sistemas).

- Implantar as medidas de seguridade que resulten dos plans de tratamento de riscos ou plans de accións correctivas por mor das auditorías de seguridade da información.

- Proporcionar datos para a alimentación de indicadores de seguridade da información.

- Supervisar os procedementos de copia de seguridade.

- Realizar auditorías técnicas periódicas da infraestrutura de tecnoloxías da información, sistemas e aplicacións.

O Responsable do Sistema ten a potestade para propoñer a suspensión do tratamento dunha certa información ou a prestación dun determinado servizo se apreciase deficiencias graves de seguridade que puidesen afectar á satisfacción dos requisitos establecidos. A proposta debe ser acordada cos responsables da información e os servizos afectados e o Responsable da Seguridade e elevada ao Presidente da Deputación para a súa decisión final.

### Designación de roles das estruturas de seguridade

O Pleno da Deputación da Coruña designará, inicialmente, e ratificará nas sucesivas revisións desta Política de Seguridade, os roles de goberno da seguridade recollidos na presente Política, que exercerán as súas funcións de forma horizontal para toda a información e servizos prestados pola Deputación da Coruña.

Establécese que o Comité de Seguridade é o órgano con potestade para modificar a designación de roles establecida anteriormente. En caso de modificación, recollerase a mesma na acta da sesión correspondente, que constituirá o documento xustificativo en tanto non se realice unha revisión do presente documento de Política de Seguridade, momento no que se ratificarán os novos nomeamentos polo Pleno.

Os roles de goberno da seguridade quedan establecidos como segue:

| ROL                        | EXERCIDO POR                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|----------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable da Información | <p>O Comité de Seguridade da Información.</p> <p>O Comité de Seguridade delega nos responsables das diferentes áreas organizativas da Deputación para a operativa do día a día coa información propia de cada área (autorizacións, cualificación de información e outras actividades atribuíbles ao responsable da información)</p> |



| ROL                                        | EXERCIDO POR                                                                                                                                                                                                                                                                |
|--------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable do Servizo                     | O Comité de Seguridade da Información.<br><br>O Comité de Seguridade delega nos responsables das diferentes áreas organizativas da Deputación para a operativa do día a día cos servizos ofrecidos por cada área para as actividades atribuíbles ao responsable do servizo. |
| Responsable de Seguridade da Información   | Titular da Xefatura do Servizo de Informática e Administración Electrónica.                                                                                                                                                                                                 |
| Administrador de Seguridade da Información | Titular da Xefatura de Sección de Seguridade da Información.                                                                                                                                                                                                                |
| Responsable de Seguridade Física           | Titular da Xefatura do Servizo de Sistemas e Soporte.                                                                                                                                                                                                                       |
| Responsable dos Sistemas de Información    | Titular da Xefatura do Servizo de Sistemas e Soporte.                                                                                                                                                                                                                       |
| Presidente do Comité de Seguridade         | Titular da Presidencia da Deputación.                                                                                                                                                                                                                                       |
| Secretario do Comité de Seguridade         | Secretario Xeral da Deputación                                                                                                                                                                                                                                              |
| Responsable do Tratamento                  | Deputación da Coruña.                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Delegado de Protección de Datos            | Titular da Oficialía Maior.                                                                                                                                                                                                                                                 |

Os roles de seguridade quedan asignados aos postos organizativos recolleitos no cadro anterior, quedando automaticamente designados os seus titulares en cada momento.

### **Mecanismos de coordinación e de resolución de conflitos**

A coordinación entre os diferentes roles participantes das actividades de seguridade así como a resolución de conflitos que puidesen xurdir entre eles levará a cabo no seo do Comité de Seguridade da Información.

### **Funcións e obrigacións**

Á marxe das funcións e atribucións que incumben ao persoal que integra o esquema organizativo responsable da seguridade, establécense a continuación as obrigacións do persoal da Deputación así como daqueles terceiros que teñan acceso aos seus sistemas de información.

### **Funcións e obrigacións do persoal**

Todo o persoal da Deputación ten a obrigaón de coñecer a Política de Seguridade e cumpri-la. O Comité de Seguridade da Información dispoñerá os medios para que esta Política chegue aos afectados.

Así mesmo, o persoal deberá asistir ás sesións de concienciación e formación en materia de seguridade para as que sexa designado como asistente.



## Funcións e obrigacións de terceiras partes

As terceiras partes (entidades externas á Deputación) que estean relacionadas coa xestión, mantemento ou explotación dos servizos prestados pola Deputación serán feitas partícipes desta Política. As terceiras partes quedarán obrigadas ao cumprimento desta Política e ás normativas que se poidan derivar dela.

As terceiras partes poderán desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacer a Política.

Deberanse establecer procedementos específicos de comunicación de incidencias para que os terceiros afectados poidan reportalas.

O persoal das Terceiras Partes deberá recibir sesións de concienciación, tal como esíxese para o persoal propio.

Cando algún aspecto desta Política non poida ser satisfeito por unha terceira parte, o Responsable de Seguridade da Información deberá realizar un informe do risco en que se incorre. Ese risco deberá ser aceptado polo Comité de Seguridade da Información.

## Formación e concienciación

De maneira sistemática realizaranse accións de formación e concienciación en materia de seguridade da información.

O obxectivo da acción formativa e de concienciación é dobre:

- Manter informado o persoal máis directamente relacionado co manexo de información e os sistemas que a tratan sobre os procedementos existentes de seguridade, configuración segura de equipos, desenvolvemento seguro, xestión de incidentes de seguridade, riscos, etc. •

Concienciar ao persoal, en xeral, da importancia da seguridade e dos procedementos básicos de manexo e intercambio de información.

Todo o persoal deberá asistir a unha sesión de concienciación en materia de seguridade da información coa periodicidade que se determine por parte do Comité de Seguridade da Información.

As persoas con responsabilidade no uso, a xestión, mantemento ou explotación dos servizos soportados nas TIC recibirán formación para o manexo seguro dos sistemas, na medida en que a necesiten para realizar o seu traballo. A formación será obrigatoria antes de asumir unha responsabilidade, tanto se é a súa primeira asignación ou se se trata dun cambio de posto de traballo ou de responsabilidades no mesmo.

## Xestión de riscos

Todos os sistemas, servizos e infraestruturas suxeitos á presente Política deberán ser obxecto dunha análise de riscos que avalíe as ameazas e os riscos aos que están expostos.

A análise repetirase regularmente, polo menos unha vez ao ano, elevándose as





conclusións ao Comité de Seguridade da Información.

Realizarase unha análise de riscos dos sistemas de información en períodos inferiores a un ano cando:

- haxa cambios nos servizos esenciais prestados ou cambios significativos nas infraestruturas que os soportan.
- ocorra un incidente de seguridade grave.
- identifíquense ameazas severas que non fosen tidas en conta ou vulnerabilidades graves que non estivesen contrarrestadas polas medidas de protección implantadas.

O Comité de Seguridade da Información establecerá os niveis aceptables de risco e aprobará as actuacións para levar a cabo no caso de que se incorra en niveis de risco non aceptables.

### **Datos de carácter persoal**

A Deputación só recollerá datos de carácter persoal cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos, con fins determinados, explícitos e lexítimos, e non serán tratados ulteriormente de maneira incompatible cos devanditos fins. De igual modo, a Deputación adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos.

### **Desenvolvemento da Política de Seguridade e Estruturación da Documentación de Seguridade**

Esta Política de Seguridade desenvolverase mediante a elaboración doutras políticas ou normativas de seguridade que aborden aspectos específicos. Por mor de @dicha políticas e normativas poderanse desenvolver procedementos que describan a forma de levalas a cabo.

A aprobación, revisión e nivel de acceso dos documentos anteriormente apuntados farase conforme ao seguinte:

- Política de Seguridade da Información:
  - Será aprobada polo Pleno da Deputación da Coruña, sendo responsabilidade do Comité de Seguridade da Información a súa revisión para elevar unha proposta de modificación cando sexa necesario.
  - Será un documento de público acceso.
- Normativa Interna de seguridade da información:
  - Será aprobada polo Comité de Seguridade da Información, sendo o Responsable de Seguridade da Información o responsable da súa elaboración e actualización.
  - A normativa de seguridade estará ao dispor de todo o persoal da Deputación.
- Procedementos operativos de seguridade da información:



◦ Serán aprobados polo Responsable de Seguridade, sendo o Responsable do Sistema ou o responsable do servizo competente na materia do procedemento, o responsable da súa elaboración e actualización.

◦ Os procedementos operativos estarán ao dispor de todo o persoal da Deputación que os requira levar a cabo para a súa actividade.

### **Revisión da Política de Seguridade**

A presente política de seguridade será revisada con carácter anual polo Comité de Seguridade da Información, que poderá modificala e elevala para a súa aprobación.”

### **23.- Dación de conta da resolución de presidencia número 18391/2025, relativa ao persoal eventual.**

Dáse conta da resolución de presidencia número 18391/2025, do 15 de abril de 2025, pola que se nomea persoal eventual.

### **24.- Aprobación da posta en marcha e toma de coñecemento do proxecto PEL ACTIVA financiado polo Programa de Emprego, Educación, Formación e Economía Social (EFESO), do FSE+ do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Tomar coñecemento da Resolución de concesión de axudas do Programa de Emprego, Educación, Formación e Economía Social do Fondo Social Europeo (FSE+) do período de programación 2021- 2027, reguladas pola Orde TER/701/2023, de 20 de xuño, publicada no BOE nº 155, de 30 de xuño de 2023, de data 26 de novembro de 2024 que aproba o proxecto PEL- ACTIVA, financiado con fondos procedentes do FSE+.

2. Aprobar a posta en marcha do proxecto PEL- ACTIVA, código 2025.3.81000.1, cuxa distribución temporal de ingresos/gastos é a seguinte:

| ACHEGAS              | TOTAL          | 2025           |
|----------------------|----------------|----------------|
| FSE+                 | 1.172.860,94 € | 1.172.860,94 € |
| Deputación da Coruña | 830.592,13 €   | 830.592,13 €   |
| TOTAL                | 2.003.453,07 € | 2.003.453,07 € |



3. Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución. “

**25.- Aprobación do proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 2405 Cerceda a Mesón do Vento punto quilométrico 5+200 AO 6+200( ORDES), incluído no Plan de Acondicionamento - Conservación de Vías Provinciais 2025.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o proxecto Mellora de firme con MBQ na DP 2405 Cerceda a Mesón do Vento Punto Quilométrico. 5+200 ao 6+200. Concello de Ordes incluído no Plan de Acondicionamento-Conservación 2025 cun orzamento total de 246.110,77 con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

| Código           | Denominación                                                                                     | Concello | Orzamento    | Prazo de Execución |
|------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|--------------|--------------------|
| 2025.1100.0034.0 | Mellora de firme con MBQ na DP 2405 Cerceda a Mesón do Vento Punto Quilométrico. 5+200 ao 6+200. | Ordes    | 246.110,77 € | 5 meses            |

2.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.”

(A Sra. Neira Fernández abandona o salón de Plenos)

ACTUACIÓN DE CONTROL:

### **MOCIÓNS**

**Sr. Presidente**

Moi ben. Pasamos ao apartado de mocións; hai unha primeira do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños relacionada coa conexión da Vía Ártabra coa AP-9.



## **1.Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a conexión da vía Ártabra coa AP-9**

A comarca da Coruña, tal e como denunciámos constantemente, presenta un importante déficit de infraestruturas viarias, así como de medios de transporte público, axustados ás necesidades reais de mobilidade de cidadanía e empresas.

Entre outras actuacións pendentes que mellorarían notablemente o tráfico, a máis transversal é a vía Ártabra: a gran circunvalación da comarca coruñesa que dará servizo a concellos e polígonos industriais de Cambre, Bergondo, Sada, Oleiros, Culleredo, Arteixo e A Coruña, creando conexións directas coa AP-9, a A-6 e outras vías principais. A vía Ártabra permitirá tamén aliviar o tráfico de forma xeral na rede viaria metropolitana, desconxestionando especialmente a Costa da Tapia en Cambre, a estrada da costa de Sada e Oleiros e a Ponte da Pasaxe.

A primeira fase da vía Ártabra, desde o porto de Lorbé ata a AP-9, sería xa neste momento unha realidade de non ser polo anterior Goberno de Cambre que atopou un subterfuxio legal para que a xustiza paralizase a obra por erros administrativos cometidos polo Goberno autonómico bipartito.

Pasados xa máis de 4 anos desa sentenza xudicial, non se entende que a Xunta de Galicia continúe sen reiniciar os trámites para retomar a obra.

Intereses persoais de representantes políticos de Cambre, mentalidades localistas, cálculos electoralistas ou discursos demagóxicos dalgúns grupos políticos non poden frear durante máis tempo unha infraestrutura supramunicipal clave para o progreso da comarca da Coruña no seu conxunto, máis se cabe co grave problema de mobilidade existente na área metropolitana máis importante de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Deputación da Coruña a reclamar á Xunta de Galicia a realización con urxencia de todos os trámites necesarios de forma correcta para a contratación da obra da vía Ártabra entre Iñás e A Gándara para a súa conexión coa AP-9.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar a redacción do proxecto para continuar a vía Ártabra ata a A-6.
- 3.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Infraestruturas e aos concellos da Área Metropolitana da Coruña.

Sr. García Seoane

Bos días.

A comarca da Coruña, tal e como denunciámos constantemente, presenta un importante déficit de infraestruturas viarias, así como medios de transporte público axustados ás necesidades reais de mobilidade da cidadanía e empresas. Entre outras actuacións pendentes que mellorarían notablemente o tráfico, a máis transversal é a Vía Ártabra, a gran circunvalación da comarca da Coruña que dará servizo a concellos e polígonos industriais de Cambre, Bergondo, Sada, Oleiros, Culleredo, Arteixo e A Coruña, creando conexións directas coa AP-9, coa A-6 e outras vías principais.

A Vía Ártabra permitirá tamén aliviar o tráfico de forma xeral na rede viaria



metropolitana, desconxestionando especialmente a costa da Tapia en Cambre, a estrada da Costa de Sada e Oleiros e a Ponte Pasaxe. A primeira fase da Vía Ártabra desde o porto de Lorbé ata a AP-9 sería xa neste momento unha realidade de non ser polo anterior Goberno de Cambre que atopou un subterfuxio legal para que a xustiza paralizase a obra por erros administrativos cometidos polo Goberno autonómico bipartito.

Pasados xa máis de catro anos desa sentenza xudicial, non se entende que a Xunta de Galicia continúe sen reiniciar os trámites para retomar a obra. Intereses persoais de representantes políticos de Cambre, mentalidades localistas, cálculos electoralistas ou discursos demagóxicos dalgúns grupos políticos, non poden frear durante máis tempo unha infraestrutura supramunicipal clave para o progreso da comarca da Coruña no seu conxunto. Máis, se cabe, co grave problema de mobilidade existente na área metropolitana máis importante de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

Instar á Deputación da Coruña a reclamación á Xunta de Galicia para a realización con urxencia de todos os trámites necesarios de forma correcta para a contratación da obra da Vía Ártabra entre Iñás e a Gándara para a súa conexión coa AP-9.

Instar a Xunta de Galicia a iniciar a redacción do proxecto para continuar a Vía Ártabra. Aquí hai unha emenda do Partido Popular, que a acepto tal como a puxeron, por tanto, non sería esta redacción.

E terceiro, dar traslado do presente acordo á Consellería de Infraestruturas e aos concellos da área metropolitana da Coruña.

Sra. Veira González

Moitas grazas, señor presidente.

Quería comezar esta intervención trasladándolle o pésame do Grupo Provincial do BNG ao señor Ben, e continuar xa co debate da moción.

Eu quero darlle os parabéns a Alternativa dos Veciños –léase isto, ou escóitese isto con absoluta retransa– por presentar esta moción que, efectivamente, nos vai permitir coñecer se a alcaldesa de Cambre, deputada desta Corporación, está de acordo co trazado da Vía Ártabra formulado polo Partido Popular desde a Xunta de Galiza, pasando por riba do sentir da xente de Cambre, ou non. O que pasa é que, claro, presentaron esta emenda, que acepta a propia Alternativa dos Veciños, e aquí o que nos queda claro, desde logo, é que Alternativa e Partido Popular teñen un claro pacto para impulsar un trazado que nós entendemos que é absolutamente insolidario, que lles tombou a xustiza ademais e que, sobre todo, prioriza os intereses urbanísticos dun concello sobre o interese xeral do conxunto da comarca.

Miren, a realidade é que, se queren impulsar o trazado, pois está o Partido Popular na Alcaldía de Cambre, está tamén no Goberno da Xunta de Galiza e, polo tanto, aquí non é necesaria unha moción na Deputación.

Desde o BNG o que levamos defendendo toda a vida e o que seguiremos defendendo é que a Vía Ártabra ten sentido se lle dá servizo e fai de auténtica circunvalación á comarca da Coruña, se lles dá saída ás persoas que viven na contorna da vía, como debera ser, con todas as infraestruturas viarias que se implementen cun



mínimo sentido ou cun mínimo criterio de sustentabilidade. O que nós sempre defendemos foi que o trazado non podía afectar o humidal e, polo tanto, que esta obra tiña que facerse co mínimo impacto ambiental posíbel.

É ben curioso que aquí o que se faga é eludir absolutamente a paralización da obra, que é resultado dunha pésima xestión por parte do Partido Popular desde a Xunta de Galiza, o que non lle chegou xa con saltarse o que estaba acordado en 2004 sobre o trazado, senón que ademais se saltou o trámite de avaliación ambiental. Un fracaso absoluto, unha auténtica chapuza de tramitación e, como dicimos, unha absoluta vontade de pasar por riba de Cambre, das cambresas e dos cambreses.

O que nós sempre defendemos é que a Vía Ártabra sexa unha vía libre de peaxes e verdadeiramente vertebradora da nosa comarca. Entendimos, entendemos e entenderemos sempre que o trazado que impuxo o Partido Popular desde a Xunta de Galiza non é o que se debe impulsar, e nese posicionamento seguimos, nunca o mudamos e é o que seguiremos defendendo en toda a comarca da Coruña. Nada máis pola nosa parte.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día, sumándome ás condolencias ao compañeiro Evaristo Ben da voceira do BNG.

Sobre este asunto que nos ocupa, nós entendemos que a Vía Ártabra é unha infraestrutura fundamental para a distribución do tráfico na nosa bisbarra e que, polo tanto, é necesaria, iso penso que todos os grupos que estamos nesta Corporación así o entendemos, pero si que é verdade que é unha infraestrutura que afecta a varios concellos desta bisbarra e que, ben, en principio había disparidade de opinións sobre o grao de afección que tiña en cada un deles. Por tanto, nós entendemos que aí a Xunta de Galicia ten que facer un esforzo por sentar a todos os concellos, neste caso, as partes implicadas nesta infraestrutura para, a través do diálogo e da negociación, chegar a un acordo que satisfaga os intereses de todos e de todas. Non se trata só de aliviar os problemas de tráfico nun concello en concreto, senón que esa infraestrutura sirva tamén para vertebrar o tráfico noutros municipios e, polo tanto, que sexa útil para todos eles.

E nese punto de vista, repito, facendo ese chamamento para que a Consellería, que neste caso é a competente na materia, e a que redactou ese proxecto e a que tería que licitalo e, polo tanto, executalo pois se faga ese esforzo de diálogo cos distintos municipios e todas as sensibilidades que poida haber para poder sacar adiante esta infraestrutura co acordo de todas as partes. E loxicamente pois tamén exixir que, unha vez que estea ese proxecto redactado, se habiliten os fondos de forma urxente no momento en que loxicamente sexa consensuado, se habiliten os fondos de maneira urxente para poder licitar e acometer eses traballos que xa se veñen atrasando dende hai moitos anos e, polo tanto, coas consecuencias que todos e todas coñecemos. Polo tanto, o noso grupo vaise abster nesta moción.

#### Sr. Amado de la Fuente

Buenos días a todos los presentes en la sala y a aquellas personas que nos siguen desde sus puestos de trabajo o desde sus casas.

Quisiera empezar agradeciendo al Grupo Alternativa dos Veciños la aceptación de nuestra enmienda al segundo punto de acuerdo que proponen en esta moción. Pero empezemos haciendo un poco de historia sobre esta vía de comunicación vital para





nuestra área metropolitana.

Hablamos de una vía cuya planificación empezó ya hace 21 años y que tenía como misión impulsar la movilidad entre los municipios de A Coruña y su área metropolitana. Estamos hablando del Plan sectorial de red viaria de A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre y Oleiros, que fue aprobado por la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda en el año 2001. Dos décadas después, la vía tiene en servicio un tramo de ocho kilómetros que discurren entre los ayuntamientos de Oleiros y Sada y que han supuesto una inversión de 70 millones de euros.

El anterior Gobierno de Cambre inició una batalla judicial contra la decisión del Gobierno bipartito de la Xunta de Galicia que conllevó la anulación de la aprobación del proyecto de trazado por defectos de procedimiento, no porque el trazado fuese inadecuado. El verano pasado se puso en servicio el enlace de la Vía Ártabra con la Nacional VI en Iñás, que dejó ya previsto el enlace con la A-6 y que se procedió a rescindir el contrato con la UTE adjudicataria de las obras hasta que hubiera plenas garantías de poder llevarlas a cabo.

Una vez recordados todos estos antecedentes, hablemos del presente y de los pasos a seguir para conseguir hacer realidad esta infraestructura sin más retrasos. Primero, se va a someter a un nuevo proceso de información pública el proyecto de trazado entre la Nacional VI y la AP-9, que ya contaba con informe favorable del Ministerio de Transportes en lo referente a su conexión con la AP-9. Este proyecto se someterá también a su evaluación de impacto ambiental.

Segundo, en este momento se está supervisando ya el documento del proyecto del trazado y estudio del impacto ambiental. En función del tiempo necesario para su supervisión y los cambios que sean precisos, se someterá a información pública y evaluación de impacto ambiental en el tercer trimestre de 2025. Los diputados del Partido Popular manifestamos nuestro deseo de acabar cuanto antes con el grave problema de movilidad que padece nuestra área metropolitana y nos comprometemos a hacer todo lo posible para que las obras de esta vía fundamental puedan rematarse lo antes posible. Muchas gracias.

Sr. García Seoane

Ás veces hai que oír cada cousa que manda carallo. Que a representante do BNG non se acorda de que a obra contratada a levou adiante o bipartito, o proxecto era do bipartito. E no bipartito, que eu saiba, estaba o PSOE e estaba o BNG. Unha falta de memoria grande. Logo tamén di que pasamos por enriba dos intereses dos veciños; vese que non ten coñecemento ningún da situación dese vial, que o único interesse que había era o dun arquitecto que foi do Concello de Oleiros, Juan Leirós, que era concelleiro no Concello de Cambre, e que a súa casa se vía afectada polo vial que se ía facer. Esa é a situación, e ese señor foi o que creou a Asociación de Ciudadanos Vituperados pola Vía Ártaba, pero o vituperado era el, entendíase que era el, e quería –e conseguiu– paralizar unha obra tan importante como esta para a comarca da Coruña.

Por tanto, de que veciños falan? Porque, se a obra fora por onde dicía Juan Leirós, vaia desfeita se lles facía aos veciños de Cambre que teñen zonas urbanas consolidadas polos anos, non porque Cambre teña plan, pero teñen obras urbanas consolidadas e por tanto era un mal tremendo. Pero aquí había la casa del señor Juan Leirós, a 80 metros quedaba do talude da Vía Ártabra.

Logo tamén dicir: intereses, aquí estamos ante os intereses urbanísticos dun





concello. Gustaríame que dixerá a que intereses urbanísticos se refire a señora deputada do BNG. O Concello de Oleiros ten un plan, está desenvolvendo un plan de baixa densidade que agora algúns no Concello de Oleiros critican porque se constrúe en Oleiros, e saben por que se constrúe en Oleiros?, porque hai plan e hai seguridade para os que constrúan en baixa densidade. E esa é a razón.

E alarmante tamén dicir: “non, é que se está construíndo en Oleiros”, claro, pero nos demais sitios non se pode construír porque non teñen plan e, se o fan, fano daquela maneira, con riscos grandes para as corporacións. Porque todos sabemos que as normas subsidiarias están obsoletas en toda Galicia. E que do ano 16 e 18 tiñan que ter aprobados planeamentos urbanísticos.

Paréceme alarmante e gustaríame que dixerá a que se refire, que intereses, porque estou cansado de oír tamén no Pleno de Oleiros: intereses, servizo a los promotores... Pero de que carallo estamos falando? A min, a min, Ángel García Seoane al servizo de los promotores? A quen llo queren contar?, a quen llo queren contar? Dezasete querelas criminais que me presentaron todos eses individuos durante os anos.

E “non é necesaria esta moción”. Claro que é necesaria, porque eu me entrevistei na Xunta de Galicia desde que parou a obra cinco ou seis veces, sempre se me dan boas palabras, pero eu non vexo avanzar para nada o tema. Porque o proxecto, claro, diciánme na Xunta: “Gelo, é que non só o proxecto foi pola denuncia do señor Juan Leirós y el Ayuntamiento de Cambre”. O problema foi que no proxecto redactado polo bipartito non se prevía o cruce do gas que vén desde o norte de Galicia ao sur e non se prevía a liña de alta tensión que cruza tamén a Vía Ártabra, unha obra tremenda e non se prevía. Por tanto, xa había que paralizar si ou si ese proxecto do bipartito, ese proxecto do bipartito.

Por parte do PSOE, dise que problemas de tráfico dun concello. Non, non, claro que temos problemas de tráfico, somos a entrada da cidade da Coruña, somos a entrada da cidade, a entrada máis importante da cidade da Coruña. E pasan de Ferrol, de Lugo, de todos os sitios atravesan o noso municipio e colapsan Cambre, na costa de Tapia, e colapsan, agora non tanto coa obra de Sol y Mar, e colapsan a zona da Ponte Pasaxe. Por tanto, non é unha vía para un municipio. Non son problemas de tráfico. Os problemas créannolos os que pasan por Oleiros. E hai que buscarlle solución, porque nós non creamos o problema. A solución é facer unha nova ponte, é facer, como non, esta obra tan importante para a comarca, porque sacaríala, incluso habería que ver se, feita esta obra, era necesaria unha nova ponte. Aínda había que velo, porque isto desatascaría tremendamente a comarca da Coruña, uniría os polígonos industriais. Eses desprazamentos tremendos que se fan da Coruña a fóra e de fóra cara A Coruña. Iso é o tema, unha obra importantísima, e unha obra das cousas que hai que traer aquí, non desas caralladas que ás veces traedes ao Pleno que non teñen nada que ver cos problemas dos veciños. Isto si que é un problema dos veciños, e non de veciños só de Alternativa dos Veciños, de veciños en xeral.

He dicho.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (14 do PP, 1 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 5 deputados/as (BNG)

Abstéñense: 8 deputados/as (PSOE)



O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

### **Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a conexión da vía Ártabra coa AP-9**

A comarca da Coruña, tal e como denunciámoso constantemente, presenta un importante déficit de infraestruturas viarias, así como de medios de transporte público, axustados ás necesidades reais de mobilidade de cidadanía e empresas.

Entre outras actuacións pendentes que mellorarían notablemente o tráfico, a máis transversal é a vía Ártabra: a gran circunvalación da comarca coruñesa que dará servizo a concellos e polígonos industriais de Cambre, Bergondo, Sada, Oleiros, Culleredo, Arteixo e A Coruña, creando conexións directas coa AP-9, a A-6 e outras vías principais. A vía Ártabra permitirá tamén aliviar o tráfico de forma xeral na rede viaria metropolitana, desconxestionando especialmente a Costa da Tapia en Cambre, a estrada da costa de Sada e Oleiros e a Ponte da Pasaxe.

A primeira fase da vía Ártabra, desde o porto de Lorbé ata a AP-9, sería xa neste momento unha realidade de non ser polo anterior Goberno de Cambre que atopou un subterfuxio legal para que a xustiza paralizase a obra por erros administrativos cometidos polo Goberno autonómico bipartito.

Pasados xa máis de 4 anos desa sentenza xudicial, non se entende que a Xunta de Galicia continúe sen reiniciar os trámites para retomar a obra.

Intereses persoais de representantes políticos de Cambre, mentalidades localistas, cálculos electoralistas ou discursos demagóxicos dalgúns grupos políticos non poden frear durante máis tempo unha infraestrutura supramunicipal clave para o progreso da comarca da Coruña no seu conxunto, máis se cabe co grave problema de mobilidade existente na área metropolitana máis importante de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños solicita ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña os seguintes acordos:

- 1.- Instar á Deputación da Coruña a reclamar á Xunta de Galicia a realización con urxencia de todos os trámites necesarios de forma correcta para a contratación da obra da vía Ártabra entre Iñás e A Gándara para a súa conexión coa AP-9.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar a redacción do proxecto para continuar a vía Ártabra ata a A-6, unha vez se aprobe o proxecto de conexión coa AP-9.
- 3.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Infraestruturas e aos concellos da Área Metropolitana da Coruña.

Sr. Presidente

Seguente moción, que presenta o Grupo Provincial do PSdG-PSOE, en relación co gasto en seguridade e defensa.

### **2.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE en relación co gasto en Seguridade e Defensa**

A Unión Europea está impulsando a necesidade dun incremento do investimento en Defensa e seguridade ante o actual contexto de inestabilidade xeopolítica, tanto pola



ameaza que supón Rusia, trala agresión non provocada deste país contra Ucraia, así coma polo novo rumbo político en Estados Unidos, baixo a presidencia de Donald Trump. En particular, as declaracións do mandatario estadounidense xeraron dúbidas en Europa sobre a fiabilidade de EE.UU. como aliado militar.

Polo tanto, ante este cambio radical no panorama xeoestratéxico, a Unión Europea puxo de manifesto que redunde en interese da Unión converterse nun garante de seguridade máis forte e crible, tanto na nosa vecindade, como fora de ela. Por todo isto, os países da UE están colaborando para actuar con maior firmeza ante as ameazas e os retos en materia de seguridade, adoptando unha visión estratéxica común da seguridade e a defensa da UE para os próximos dez anos.

Para tal fin, dende a Unión Europea plantéxase aumentar en 800.000 millóns de euros o gasto nesta metaría e España asumiu ese desafío, comprometéndose o Presidente do Goberno, Pedro Sánchez, a alcanzar o obxectivo de empregar o 2% del PIB en defensa antes de 2029, asegurando ao mesmo tempo que o fará “sen tocar un céntimo o gasto social”

Na axenda tanto da UE, como do Goberno Español, propuxéronse novas medidas e accións necesarias para reforzar a base industrial e tecnolóxica da defensa europea, en liña coa Declaración de Versalles de marzo de 2022, onde os Xefes de Estado e de Goberno da UE comprometéronse a reforzar as capacidades de defensa europeas baseando estas en catro eixos fundamentais:

- Aumentar sustancialmente o gasto en seguridade e defensa.
- Desenrolar a inversión colaborativa en proxectos conxuntos e a adquisición conxunta de capacidades de defensa.
- Impulsar a innovación.
- Fortalecer e desenrolar a industria de defensa da UE.

Así mesmo, por todos e coñecido o peso que o sector da defensa ten na nosa comunidade, tanto no ámbito do sector público, con NAVANTIA Ferrol como principal expoñente, coma no sector privado, con UROVESA.

Neste senso e como exemplo da incidencia deste sector na xeración emprego, compremos lembrar o incremento que supuxo no número de traballadores e na actividade económica o contrato subscrito entre a Armada Española e NAVANTIA para a construción de 5 Fragatas F-110, por un importe de 4.325 millóns de euros. Só con este contrato, garantiuse a carga de traballo nos asteleiros para 12 anos, xerando a día de hoxe unha media de 3.000 empregos directos e 6.000 indirectos.

Tendo en conta o mencionado con anterioridade, as decisións adoptadas nesta materia tanto pola UE, coma polo Goberno Central, supoñen un espaldarazo ao crecemento e á xeración de emprego en Galicia; unha oportunidade única en décadas, que garante futuro, estabilidade e riqueza para o noso territorio, posto que xa non estamos a falar tan só dos contratos que o Goberno de España poida subscibir neste ámbito coas empresas galegas adicadas a este sector e con toda a industria auxiliar vecellada ao mesmo, senón a posibilidade de captación de novos contratos doutros estados membro de UE.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista na Deputación de A Coruña, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes



## ACORDOS:

1. Instar ao Pleno da Corporación da Deputación de A Coruña, a respaldar a decisión de UE e do Goberno de España de incrementar o gasto en seguridade e Defensa.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego a apoiar a decisión adoptada polo Goberno de España de adicar o 2% do PIB ao Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa.

### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, vou dar lectura á exposición de motivos:

A Unión Europea está impulsando a necesidade dun incremento do investimento en defensa e seguridade ante o actual contexto de inestabilidade xeopolítica tanto pola ameaza que supón Rusia tras a agresión non provocada deste país contra Ucraína, así como polo novo rumbo político en Estados Unidos baixo a presidencia de Donald Trump. En particular, as declaracións do mandatario estadounidense xeraron dúbidas en Europa sobre a fiabilidade de Estados Unidos como aliado militar. Por tanto, ante este cambio radical no panorama xeoestratéxico, a Unión Europea puxo de manifesto que redunda en interese da Unión converterse nun garante de seguridade máis forte e crible, tanto na nosa vecindade como fóra dela.

Por todo isto, os países da Unión Europea están colaborando para actuar con maior firmeza ante as ameazas e os retos en materia de seguridade, adoptando unha visión estratéxica común da seguridade e a defensa da Unión para os próximos 10 anos. Para tal fin, dende a Unión Europea pensa aumentar en 800.000 millóns de euros o gasto nesta materia, e España asumiu ese desafío, comprometéndose o presidente do Goberno a alcanzar o obxectivo de empregar o 2% do PIB en defensa antes de 2029, asegurando ao mesmo tempo que o fará sen tocar un céntimo o gasto social.

Na axenda, tanto da Unión Europea como do Goberno español, propuxéronse novas medidas e accións necesarias para reforzar a base industrial e tecnolóxica da defensa europea, en liña coa Declaración de Versalles de marzo de 2022, onde os xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea se comprometeron a reforzar as capacidades de defensa europeas baseando estas en catro eixos fundamentais: Aumentar substancialmente o gasto en seguridade e defensa; desenvolver o investimento colaborativo en proxectos conxuntos e adquisición conxunta de capacidades de defensa; Impulsar a innovación e fortalecer e desenvolver a industria de defensa na Unión Europea.

Así mesmo, por todos é coñecido o peso que o sector da defensa ten na nosa comunidade, tanto no ámbito do sector público con Navantia Ferrol como principal expoñente, ou como no sector privado con Urovesa.

Neste senso, e como exemplo da incidencia deste sector na xeración de emprego, cómpre lembrar o incremento que supuxo no número de traballadores e na actividade económica o contrato subscrito entre a Armada española e Navantia para a construción de cinco fragatas F-110 por un importe de 4.325 millóns de euros. Só con este contrato garantiuse a carga de traballo nos estaleiros para 12 anos, xerando a día de hoxe unha media de 3.000 empregos directos e 6.000 indirectos.



Tendo en conta o mencionado con anterioridade, as decisións adoptadas nesta materia tanto pola Unión Europea, como polo Goberno central supoñen un apoio ao crecemento e a xeración de emprego en Galicia. Unha oportunidade única en décadas que garante futuro, estabilidade e riqueza para o noso territorio, posto que xa non estamos a falar tan só dos contratos que o Goberno de España poida subscribir neste ámbito coas empresas galegas dedicadas a este sector e con toda a industria auxiliar vencellada a este, senón a posibilidade de captación de novos contratos doutros Estados membros da Unión Europea.

Por todo exposto, dende o Grupo Provincial Socialista propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos.

Primeiro: Instar o Pleno da Corporación da Deputación da Coruña a respaldar a decisión da Unión Europea e do Goberno de España de incrementar o gasto en seguridade e defensa. Segundo: Instar a Xunta de Galicia e o Parlamento galego a apoiar a decisión adoptada polo Goberno de España a dedicar o 2% do PIB ao Plan industrial e tecnolóxico para seguridade e a defensa.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente.

Vou tentar sintetizar os nosos motivos polos que estamos, evidentemente, en contra desta moción. O primeiro motivo é porque desde o Bloque Nacionalista Galego temos principios, e temos principios ideolóxicos. E temos os principios ideolóxicos que din que nos declaramos como unha forza pacifista, pois entendemos como prioridade a defensa da paz mundial, o desarmamento e a disolución dos bloques militares agresivos, e avogamos pola resolución pacífica e democrática dos conflitos internacionais. E tamén din os nosos principios ideolóxicos que nos opoñemos a calquera clase de inxerencia ou intervención militar e avogamos por relacións internacionais de cooperación.

O segundo motivo é porque non hai exemplos no mundo nin na historia que demostren a utilidade da escalada bélica e o aumento do gasto militar para rematar con ningún conflito. Se cadra, si que é moi útil e moi eficaz para rematar coa poboación civil, con infraestruturas, con hospitais, con escolas, etc. O que si se coñece son as consecuencias da escalada belicista, o aumento do gasto militar ou a renuncia ao pacifismo por parte das organizacións políticas progresistas, e a consecuencia é máis guerra. E sabémolo porque xa pasou. Pasou nos comezos do século pasado, por exemplo; todo conduciu á Primeira Guerra Mundial. E daquela xa había voces que criticaban alto e claro que quen apoiaba desde posicións políticas progresistas o aumento militar e que advertían do que podía implicar e das contradicións de facelo. Estoulles falando do que xa facía a principios do século XX Rosa Luxemburgo, que criticaba o seu propio partido por votar a favor da defensa do aumento do gasto militar e todo ese aumento do gasto militar en Europa naquel momento conduciu, efectivamente, a que comezase a Primeira Guerra Mundial e despois todo o que aconteceu durante o século XX en Europa.

O terceiro motivo é porque os cartos e os recursos públicos son finitos. Se estiran para unha cousa, non estiran para outra. Se hai para a guerra, non hai para dignificar as pensións non contributivas, contratar profesorado, para pagar bolsas de estudo, para política cultural, para investigación, para sanidade, para igualdade, para promover políticas de vivenda, para a atención á dependencia que tanto demandamos desde aquí ou para políticas de loita contra o cambio climático. Reivindicamos desde o BNG que os recursos públicos deben empregarse para mellorar a vida da cidadanía, non para





alimentar conflitos que só benefician a grandes potencias e as empresas de armamento.

O cuarto motivo é porque non asumimos a hipocrisía dunha Comisión Europea que agora consente que se recorra ao endebedamento para aumentar o gasto militar cando no peor da crise de 2008 obrigou a implementar unhas regras fiscais e unhas políticas que afogaron gobernos e afogaron a cidadanía censurando a débeda pública.

O quinto motivo é porque na Unión Europea hai máis de 90 millóns de persoas en risco de pobreza e exclusión social. O malestar social medra pola precariedade, o empobrecemento, a falta de seguridade vital e a imposibilidade das persoas de poderen desenvolver os seus proxectos de vida.

O sexto motivo é porque no seo de Europa medra e avanza o neofascismo, o fascismo. E, cando son os resultados electorais, hai un escándalo xeneralizado de por que avanza o fascismo, mais non imos á raíz do problema, non hai autocritica. A Unión Europea non se pregunta se está dando resposta coas súas políticas aos problemas da xente, mais si se sorprende despois con que aumenten os apoios a quen prometen falsas solucións ou solucións máxicas a problemas complexos.

O sétimo motivo é porque non cremos que a Unión Europea se teña que converter nun actor belicista, seguindo as directrices da OTAN e, polo tanto, dos Estados Unidos, no canto de apostar por unha política internacional baseada no diálogo e no respecto á soberanía dos pobos.

O oitavo motivo –e este, se cadra, é o máis grave–, dicimos que non porque é absolutamente indecente darse golpes no peito polas situacións que temos ás portas de Europa mentres se consente activamente a impunidade do xenocidio que está a cometer Israel contra Gaza, porque permanece a Unión Europea impasíbel diante do sufrimento da poboación palestina e do sufrimento doutros pobos como tamén o pobo saharauí, e doutros tantos pobos no mundo. É un actor belicista segundo lle cadra. E dálle, porén, carta absoluta de normalidade a Israel no mundo deportivo, no mundo cultural, no mundo empresarial en Europa, como se fose un país máis de Europa, e como se non estivese cometendo un absoluto xenocidio en Gaza. Por certo, coa absoluta complicidade activa do Partido Popular, que vén de traer á sede da soberanía dos galegos e das galegas, ao Parlamento de Galiza, de recibir a un membro máis dese Goberno xenocida de Israel, isto é absolutamente gravísimo e quero alzar a voz do Bloque Nacionalista Galego contra iso. Non se lle pode dar carta de normalidade aos xenocidas. E a Unión Europea ten unha absoluta complicidade co que está pasando en Gaza porque, de feito, non sei se o saben vostedes, pero no Parlamento Europeo non se pode dicir xenocidio. Non se pode nomear o que está pasando en Gaza como xenocidio, e iso xa é grave *per se*. E, se non se pode nomear o que está pasando en Gaza como xenocidio no Parlamento Europeo, é por algo. É polos intereses da Unión Europea en Gaza. No canto de formar parte do bloque pacifista do mundo e de plantarlle cara a Israel, o que está facendo é ser absoluto cómplice.

E, miren, o noveno motivo é porque estamos nun contexto político de crispación e de desacreditación da política no que é imprescindible, absolutamente imprescindible, que as forzas progresistas non lles fалemos aos nosos principios por moi fortes que sexan as voces a prol do gasto na guerra. Por mais que nos intenten caricaturizar, nunca van ser capaces, polo menos, de que desde o BNG renunciemos ao pacifismo.

E por último lugar, en décimo lugar, porque desde o BNG, e vinculado con isto último, reivindicamos, hoxe máis que nunca que a política é a arte de resolver os conflitos e os problemas a través do diálogo e do contraste das ideas. Eu non sei se aquí hai quen



é máis seguidor daquilo que dicía Groucho Marx, que a política é a arte de buscar problemas, atopalos, facer unha diagnose falsa e aplicar despois as solucións equivocadas.

Nada máis pola nosa parte.

Sr. Caamaño López

Presidente, compañeiros e compañeiras, bo día.

Penso que a todos nos encantaría que puideramos ter un mundo en paz, evidentemente. Polo menos a min pásame aquilo que dicía con certa frecuencia o bispo xa falecido de São Félix do Araguaia, de que era alérxico á violencia; se por el fora non se violentaba nin o pétalo dunha flor. Que pasa? O que pasa é que a realidade é a que é. Entre as célebres frases de Pedro Sánchez, hai unha de hai uns anos que ten o seu interese. Dicía el que a verdade é a realidade. Esta frase, que se pode interpretar de moitas maneiras, pero dalgunha forma o que nos vén dicir é que a realidade precisamente ás veces é a que é. E a realidade, como di tamén a moción, é que Europa e España están nunha situación complicada, nunha situación pois de incluso de ameaza, tamén por ese afán expansionista de Putin, de Rusia, ao que se lle esqueceu mencionar á portavoz do BNG. Por tanto, consideramos que é preciso a día de hoxe investir en defensa, por iso nós compartimos o fondo desta moción que traen aquí.

Non me vou estender moito porque en realidade, como Deputación tampouco temos demasiado que dicir nesta cuestión, non é un tema que creo que a Deputación da Coruña teña moita competencia. Pero, miren, hai xa bastantes anos, un autor chamado Javier Cercas escribiu un libro sobre o 23F, que seguramente moitos coñecen, que se titula *Anatomía de un instante*, e en varias ocasións dicía el que, en política, a forma é parte do fondo. E penso que neste caso é importante telo en conta, porque nós, como xa dixen, compartimos o fondo pero evidentemente non podemos compartir a forma na que se está abordando unha cuestión tan importante como é o gasto ou o investimento en defensa. Non se pode permitir que un tema de Estado ao que se queren destinar miles de millóns de euros se despache co principal partido de España nun café de media hora na Moncloa, que foi o que fixo. De feito, estémonos enterando de moitas cousas, non polo presidente de España, senón por outros líderes ou institucións europeas. É un tema no que se necesita información e no que se necesita que o diálogo sexa o máis aberto e sincero posible. Repito, estamos nunha cuestión de Estado e como tal debe ser tratada, porque este investimento que se quere facer en defensa transcende moitas lexislaturas. Isto hipoteca España, por dicilo dalgunha maneira, durante décadas. Por tanto, non é unha cuestión que se poida facer desta forma que se está facendo, á marxe duns presupostos do Estado e á marxe do Parlamento. Esta é unha cuestión que debe ser abordada no Parlamento español, que para iso está. Por tanto, como dixen, nós, compartindo o fondo desta cuestión, evidentemente, non estamos de acordo coa forma coa que se está levando a cabo, tamén pola situación na que se atopa o Goberno, que é curioso que o propio Goberno non apoia o Goberno nesta decisión tan transcendental para o futuro de España.

Nada máis e grazas.

Sr. García Seoane

A historia do mundo non a escribín eu, escribiuse durante séculos. Estamos vendo que sempre os que estaban armados son os que mandaron sempre no mundo. Os que teñen as armas son os que ameazan os que non as teñen, escravizan países, etc., etc.





Eu, non estando moi de acordo con este investimento, si estou de acordo en que España se ten que defender e Europa se ten que defender. De quen?, dos animais e os tolos eses que andan soltos por aí adiante, chámese Estados Unidos, chámese Rusia, chámese o Netanyahu ese bandido terrorista, non? Por tanto, estou de acordo, pero quería... non vou dicir que o inclúan, porque non o van recoller, pero estaría máis de acordo se fora para combater a Israel. Nada máis.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, a verdade é que hai moitas contradicións nalgunhas das cuestións que se dixeron a colación desta moción, sobre todo no caso do Bloque Nacionalista Galego. Primeiro falando de principios, ben uns principios que, se é certo que os mantemos, debiamos mantelos sempre, porque o Bloque Nacionalista Galego, eu que son da comarca de Ferrolterra, eu lembro ao longo dos últimos anos manifestándose en Ferrol para solicitar carga de traballo para o sector naval de Ferrol. O sector naval de Ferrol, non sei se o saben todos os compañeiros que están aquí, pero imaxino que si, dedícase a construír barcos para a Armada, non son barcos de pesca. Cando o Bloque Nacionalista Galego e a CIG tamén solicitaban carga de traballo para os estaleiros ferroláns, estaban solicitando que se contratasen fragatas, que se contratasen corvetas, si, porque en Ferrol só fabrican barcos de guerra, en Fene fabrican construción naval civil, pero nas manifestacións en Ferrol, nas que eu estiven, e por tanto non mo ides negar, porque as vin eu cos meus propios ollos, solicitábase carga de traballo para o sector naval en Ferrol. O 17% do emprego desta provincia depende de Navantia, o 17% do emprego desta provincia, só de Navantia, que é unha das moitas empresas que se dedican á seguridade e defensa, porque non é todo fabricar armamento, algunhas dedícanse a fabricar vehículos, outras a cuestións relacionadas co I+D, de feito, nas TIC hai empresas que se dedican ao sector da seguridade e da defensa, outras dedícanse á fabricación de drons, é dicir, hai máis de 30 empresas xa unificadas todas elas baixo unha asociación precisamente para avala os intereses dese sector. Vou ler algunhas delas, que son Navantia, Gauzón, Ibérica, Detegasa, Grupo Gabadi, Industrias Fervi, Guenara, Aíster, Mecanizados Alfaro, Vibus, Promegasa, Lupeán; ben, hai un montón delas, Maxwell, Egatel, Norispán, Urovesa, ITG, Gadian, industrias do metal loxicamente, porque este sector non se nutre só do que é a propia defensa, senón que hai moitas industrias do sector metalúrxico da nosa terra que, grazas a iso, están a ter unha carga de traballo importante, pero tamén as que se dedican á electricidade e todo tipo de compoñentes. Por tanto, hai un peso moi importante na industria auxiliar relacionada coa defensa e a seguridade.

E despois hai unha visión do mundo, que a min me parece moi ben, que é idílica, o mundo en paz, etc., que me recorda moito tamén á que tiña o señor Chamberlain, que tamén era partidario no seu momento de deixar que ese avance do fascismo continuara por Europa porque, ben, pois tampouco ía pasar nada e cría na bondade daquel auténtico asasino como foi Adolf Hitler e dunha política de non agresión e de deixarlle anexionar territorios, o cal me recorda moito a outro fascismo que hai en Europa, aínda que non se chama fascismo e o BNG non llo chama nunca, que é o da Rusia de Putin, onde se encarcera, se asasina a disidentes políticos, a periodistas, onde se invade un país europeo, un país europeo, entre outras cousas porque quería, libremente decidiu pertencer á OTAN ou pertencer á Unión Europea, e non lle escoitei ao Bloque Nacionalista Galego tanta belixerancia. Entendo que os nenos ucranianos son tan dignos de vivir como os nenos gazatís. O meu partido condena a invasión de Ucraína e condena coa mesma contundencia a invasión de Gaza, non así o Bloque Nacionalista Galego; de feito, ao seu voceiro no Congreso dos Deputados custoulle moito condenar a invasión



rusa de Ucraína. De feito, tardou semanas en facelo, cando o resto de grupos do arco parlamentario non tiveron ningún tipo de problema. Polo tanto, leccións nesa materia está moi ben dicilo, iso dos principios e que todos somos moi tal, pero todos sabemos o que hai de fondo. E que para algúns uns son mellores e outros son peores. Para nós non, para nós son todos iguais. E Europa ten, efectivamente, un problema coa súa seguridade, que estivo externalizada dende a Segunda Guerra Mundial en Estados Unidos, que foi un socio dende un punto de vista comercial pero tamén da defensa. E se algo nos ten ensinado a historia en primeiro lugar é que Europa cometeu un erro cando externalizou a produción de material médico, e aprendemos coa pandemia. Chegou a pandemia e démonos conta de que aquí non producíamos máscaras, nin respiradores, nin EPI, porque o tiñamos externalizado no Sureste Asiático e, polo tanto, estabamos nas mans de terceiros países que ademais dende o punto de vista comercial pois tampouco son digamos que moi serios.

E agora estamos a ver coa invasión de Ucraína e co cambio de rumbo da presidencia de Estados Unidos con Donald Trump como tamén tiñamos externalizada a defensa. Europa ata o de agora era un lugar seguro porque detrás estaba papá Estados Unidos e a OTAN para evitar cousas como as que sucederon en Ucraína. Por iso é importante primeiro manifestar que o incremento do gasto en seguridade e defensa non é cunha motivación ofensiva. Nin Europa, nin España, nin ningún país da Unión Europea son países belixerantes dende o punto de vista militar, senón que é unha cuestión disuasoria e defensiva porque repítolles que hai un país de Europa que está invadido a día de hoxe, que leva xa varios anos de guerra, onde morreron milleiros de persoas e onde todos os días seguen morrendo persoas.

Polo tanto, o mesmo que facemos para outras latitudes e outros países onde efectivamente se está cometendo un auténtico xenocidio, como é o caso de Gaza, pois, home, non será, digamos, sospeitoso o Partido Socialista de non ter unha postura contundente. Non hai máis que dar un repaso aos medios de comunicación nas últimas semanas para ver quen é o principal inimigo de Israel en Europa, que se chama Pedro Sánchez e o Goberno de España. Polo tanto, non seremos sospeitosos a ese respecto. Pero si que chama a atención como noutras invasións onde tamén morren persoas, que todos os seres humanos teñen dereito á vida, dá igual a súa confesión e o seu lugar de procedencia, pois non se é, digamos, tan contundente.

Polo tanto, nós o que entendemos é que non se pode solicitar que haxa carga de traballo no sector industrial, non se pode solicitar que haxa carga de traballo no sector naval da nosa provincia, e despois non querer que se gaste en defensa, porque xa non é só o que gasta o Goberno de España, é que nós, ademais de fabricar agora, por exemplo, fragatas que acaban de garantir 12 anos de carga de traballo e 6.000 postos de traballo nesa bisbarra e na provincia, ademais diso temos que entender que hai outros países europeos que tamén van incrementar o seu gasto en defensa e que son potenciais clientes da industria española nese sector. De feito, temos fabricado fragatas para Noruega, ou no seu momento tamén para Australia e para outros países. Polo tanto, xa non é só a capacidade investidora do Goberno de España nesa materia, senón tamén doutros terceiros países. Porque nós somos unha potencia dende o punto de vista naval. Non sei se saben vostedes que, por exemplo, hai, paréceme que só son sete países en todo o mundo que fabrican submarinos, entre eles está España. Por tanto somos un país cunha gran competencia na fabricación, sobre todo en materia armamentística ligada ao sector naval, pero tamén, como dixeran antes, a outros moitos sectores e algúns deles relacionados co I+D. De feito, a UDC ten convenios e depende en gran medida unha parte do seu financiamento de proxectos que se están desenvolvendo no clúster do naval en Ferrol. Por tanto, o que temos é que ser un pouco menos hipócritas e máis realistas. E está moi ben todo iso que dicimos, como está moi ben estar en contra das minas, pero



despois temos teléfonos móbiles que teñen níquel, que teñen platino, que teñen prata e ouro, e todos os utilizamos, e aquí desfrutamos dun aire climatizado, dunha climatización que tamén ten eses compoñentes, etc, etc. Porque iso estamos moi acostumados a que se delegue e se externalice tamén no terceiro mundo. Tamén nesa defensa que facemos dos traballadores está moi ben, pero despois non nos importa que outros estean medios escravizados nas minas do terceiro mundo e preferimos non telas en Galicia, e como iso outras moitas cousas. Podemos falar desa visión en contra da enerxía eólica e despois manifestámonos para que non peche Siemens-Gamesa, que por exemplo fabrica palas eólicas, podemos falar daquela famosa navallada a Galicia e de outras moitas cousas que estamos acostumados. Polo tanto, sería importante cando falamos de principios e de contradicións non vexamos a palla no ollo alleo e intentemos quitar a viga do propio, porque dese caso temos moito que rascar todos e todas.

Así que nós, en base aos intereses da provincia, do emprego e da economía de Galicia e da provincia da Coruña, solicitamos o apoio de todos os grupos desta Corporación a esta moción, que, repito, é para un investimento en seguridade, que non é só en armamento, en defensa, pero sempre cunha motivación defensiva e, loxicamente, pois para evitar que alguén teña a tentación, ante a debilidade que poidamos ter en Europa nesa materia, de seguir invadindo países, porque iso xa o vivimos. E, sinceramente, facer unha referencia á motivación que propiciou a Primeira Guerra Mundial por unha carreira armamentística, con todos os respectos, é ter un coñecemento bastante estrito do que é a política europea, sobre todo dende o II Reich de Bismarck, con todos os problemas que había e tensións entre Francia e Alemaña nos Sudetes, tamén con Austria, etc., que propiciaron en gran medida aquela conflagración, que non foi porque única e exclusivamente houbera un incremento do gasto en defensa, senón tamén porque había cuestións de carácter xeopolítico que levaron a esa confrontación. E a Segunda Guerra Mundial é unha segunda parte da primeira por aquelas, tamén, tensións, pero tamén porque se permitiu o fascismo e a aqueles que invadían países soberanos facelo con certa lixeireza por parte dos que tiñan unha visión moi pacifista. E loxicamente non teño ningunha dúbida que todas e todos os que estamos aquí somos pacifistas, pero como sempre se acostuma a dicir “dous non pelexan se un non quere”. E, se hai alguén que está invadindo países e que ten un carácter claramente ofensivo fronte ás democracias europeas, podemos quedarnos de brazos cruzados, como xa se fixo nalgún momento, e iso todos sabemos como vai acabar, ou podemos adoptar medidas para evitar que iso ocorra, e iso non quere dicir que vaíamos invadir a ninguén nin que vaíamos andar facendo ningún tipo de guerra polo mundo adiante porque creo que non é o caso do noso país. Nada máis e moitas grazas.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 10 deputados/as (9 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 19 deputados/as (14 do PP e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

(Decae a moción).

### Sr. Presidente

Eu recordo unha anécdota, Avia –que vén ao conto, agora que xa votamos–, eu recordo, ti es moi nova, non te acordarás. Pero, cando fora o conflito do *Estai*, do *Cabo Estai*, a guerra do fletán, Regueira seguro que se acorda, e Gelo tamén, e algún que outro tamén, cando fora a guerra do fletán, había no Atlántico Norte un montón de buques galegos vivindo do que alí eles pescaban, e o ministro de Defensa canadense, un tal Robin creo que era, decidiu apresar un barco galego, que era o *Cabo Estai*. E houbo unha guerra, foi a última vez que España entrou en guerra declarada, durante sete



minutos estivo declarada a guerra. Hai un *sketch* boísimo de Boy-Rivera, que é un monologuista de aquí da Coruña, fantástico, que explica ese espazo. Dicia que menos mal que os canadenses estaban equivocados, porque foron cunha fragata e intentaron afastar os galegos botándolles auga, aos galegos.

O certo é que eu recordo, e téño aquí gravado, a Bieito Lobeira, gravado aquí, criticando a Felipe González porque enviara en resposta contra unha fragata un simple patrulleiro, que os galegos e galegas merecían algo de máis calado. Claro, que agora planeamos enviar unha ghamela, unha buceta ou unha chalana non ten xeito. Esas cousas fanse para, precisamente, defender os intereses dos galegos e das galegas tamén.

Imos a rogos e preguntas.

Hai outra moción, é verdade, si. Unha última moción do PSdG-BNG na que se reclama que se aprobe por parte da Xunta a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago Compostela.

Hai que votar a inclusión.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **I.Moción que presentan os grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG reclamando á Xunta de Galicia que aprobe a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago de Compostela**

A recuperación e posta en valor do Camiño de Santiago é un dos grandes éxitos colectivos da sociedade galega contemporánea. Dende las institucións ata a colaboración de persoas anónimas, o esforzo de investigadores, historiadores, etnógrafos, ecoloxistas ou arqueólogos ten permitido recuperar un dos grandes eixos vertebradores da cultura galega e da identidade europea. Este esforzo colectivo levou ó recoñecemento do Camiño Francés como patrimonio da humanidade no ano 1993, e a unha ampliación no 2015 incluíndo catro rutas do Norte (as rotas Costeira, Lebaniega, Primitiva e a Interior Vasco-Rioxana).

Por desgracia, o traballo da administración galega non ten avanzado co mesmo dinamismo que a sociedade civil. A Xunta aposta máis pola propaganda do Xacobeo que polo coidado do Camiño. Se repiten as esaxeracións (sempre estamos ante un Xacobeo récord), se prometen investimentos culturais que non se cumpren, e logo, no día a día, se lles quere cargar ós concellos o mantemento, por exemplo, das sendas peonís do Camiño.

A partir dun traballo de investigación publicado no Anuario Brigantino 2017 que xira arredor do tramo Vilalba-Betanzos do Camiño Norte orixinal (tamén chamado Camiño Real), o denominado “Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos)” emprendeu as labores de recuperación desta ruta. Para iso, enviou toda a documentación pertinente ó Cabido da Catedral de Santiago e este respondeu positivamente en carta asinada por don Segundo L. Pérez López, Delegado de Peregrinacións, o 15 de xullo de 2021, sinalando que “conforme á documentación



presentada e ó correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela. Por elo, ós peregrinos que recorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acolida ó Peregrino concederáselles a Compostela como testemuña da súa peregrinación ó Sepulcro do Apóstolo Santiago”.

O 9 de outubro de 2021, reuníronse en Betanzos os oito alcaldes e alcaldesas dese tramo (Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos), asinando unha Declaración favorable a promover as medidas necesarias para sinalizar e manter en bo estado o Camiño, solicitando das entidades públicas, especialmente da Xunta de Galicia, o seu apoio e colaboración a fin de que culmine este proceso co recoñecemento oficial e coa conseguinte integración na rede de Camiños Xacobeos.

A partir dese momento, o “Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba- Betanzos)” deu un marxe de tempo para recibir achegas varias e solicitou á Fundación L. Monteagudo a redacción dunha Memoria do Camiño Norte de Peregrinación a Santiago de Compostela no tramo Vilalba-Betanzos, acompañada das memorias específicas para cada concello, que incorporan, como é de rigor información textual, fotográfica e planimétrica detallada.

Como era lóxico, seguiuuse na redacción destas memorias a metodoloxía empregada no DECRETO 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa. DOG Núm. 245 Martes, 23 de decembro de 2014. Porque o obxectivo desta iniciativa é complementar o devandito Decreto cun tramo de camiño plenamente documentado, que conflúe en Betanzos co Camiño Inglés, cuxa delimitación foi aprobada polo Decreto 110/2014, de 4 de setembro, DOG nº 178 de 18 de setembro de 2014.

A defensa do patrimonio cultural, como elemento de valor en sí mesmo, e como factor de dinamización económica é un factor esencial de progreso para a nosa provincia. Por iso sometemos, para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de A Coruña adopte os seguintes

#### **ACORDOS:**

1. Solicitar a Xunta de Galicia a aprobación dun Decreto polo que se recoñeza a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago, segundo resulta da Memoria xustificativa.
2. Notificarlle este acordo xunto coa memoria xustificativa á Xunta de Galicia a fin de que incoe o procedemento necesario para a adopción do Decreto correspondente.
3. Instar a Xunta a presentación dun plan de investimentos para acondicionar todas as sendas do Camiño nos términos municipais dos concellos da provincia, liberando así ás facendas municipais dunha carga que non poden asumir e que, en todo caso, corresponde ás competencias da Consellería de Cultura.
4. Notificar este acordo ao parlamento de Galicia, á Delegación do Goberno, en Galicia, á Deputación de Lugo, aos concellos do tramo Vilalba-Betanzos.





### Sr. Requeira Varela

Simplemente a petición de empresarios dos concellos polos que pasa ese camiño, que nos facían extensiva á Deputación da Coruña o acordo suscitado na Deputación de Lugo e en todos os concellos solicitamos o apoio a esta moción para trasladarlle á Xunta o apoio da Deputación da Coruña tamén a este texto.

### Sr. Fernández Piñeiro

Damos lectura á exposición de motivos.

A recuperación e posta en valor do Camiño de Santiago é un dos grandes éxitos colectivos da sociedade galega contemporánea. Desde as institucións ata a colaboración de persoas anónimas, o esforzo de investigadores e historiadores, etnógrafos, ecoloxistas ou arqueólogos ten permitido recuperar uns dos grandes eixes vertebradores da cultura galega e da identidade europea. Este esforzo colectivo levou ao recoñecemento do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade no ano 93 e unha ampliación en 2015, incluíndo catro rutas do norte: as Rutas Costeiras, Lebaniega, Primitiva e Interior Vasco-Riojana. Por desgraza, o traballo da Administración galega non ten avanzado co mesmo dinamismo que a sociedade civil. A Xunta aposta máis pola propaganda do Xacobeo que polo coidado do Camiño. Repítense as esaxeracións, sempre estamos ante un Xacobeo récord, prométese investimentos culturais que non se cumpren e logo, no día a día, quéreselles cargar aos concellos o mantemento, por exemplo, das sendas peonís do Camiño.

A partir dun traballo de investigación publicado no *Anuario Brigantino* 2017, que xira arredor do tramo Vilalba-Betanzos do Camiño Norte orixinal, tamén chamado Camiño Real, o denominado Grupo de Amigos do Camiño Norte, tramo Vilalba-Betanzos, emprendeu os labores e recuperación desta ruta. Para iso, enviou toda a documentación pertinente ao Cabido da Catedral de Santiago e este respondeu positivamente en carta asinada por don Segundo Pérez López, delegado de Peregrinacións o 15 de xullo de 2021, sinalando que, conforme a documentación presentada e o correspondente estudo histórico, non cabe dúbida de que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela.

Por iso, aos peregrinos que recorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acolida ao Peregrino, concederáselles a Compostela como testemuña da súa peregrinación ao sepulcro do Apóstolo Santiago. O 9 de outubro de 2021 reuníronse en Betanzos os oito alcaldes e alcaldesas dese tramo (Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos) asinando unha declaración favorable a promover as medidas necesarias para sinalizar e manter en bo estado o Camiño, solicitando das entidades públicas, especialmente da Xunta de Galicia, o seu apoio e colaboración a fin de que culmine este proceso co recoñecemento oficial e coa conseguinte integración na Rede de Camiños Xacobeos.

A partir dese momento, o Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos) deu marxe de tempo para recibir achegas varias e solicitou á Fundación L. Monteagudo a redacción dunha memoria do Camiño Norte de peregrinación a Santiago de Compostela no tramo Vilalba-Betanzos, acompañada das memorias específicas para cada concello que incorporan, como é de rigor, información textual, fotográfica e planimétrica detallada. Como era lóxico, seguiuuse na redacción destas memorias a metodoloxía empregada no Decreto 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta da costa. DOG número 245, do martes 23 de decembro 2014. Porque o obxectivo desta iniciativa é complementar o devandito



decreto cun tramo de Camiño plenamente documentado que conflúe en Betanzos co Camiño Inglés, cuxa delimitación foi aprobada por Decreto 110/2014, do 4 de setembro, no DOG 178, do 18 de setembro de 2014. A defensa do patrimonio cultural como elemento de valor en si mesmo e como factor de dinamización económica é un factor esencial de progreso para a nosa provincia. Por todo iso, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en pleno esta moción para que a Deputación Provincial da Coruña adopte os seguintes acordos.

Primeiro: Solicitar á Xunta de Galicia a aprobación dun decreto polo que se recoñeza a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago, segundo resulta de memoria xustificativa.

Segundo: Notificarlle este acordo, xunto coa memoria xustificativa, á Xunta de Galicia a fin de que incoe o procedemento necesario para a adopción do decreto correspondente.

Terceiro: Instar a Xunta á presentación dun plan de investimentos para acondicionar todas as sendas do Camiño nos termos municipais dos concellos da provincia, liberando así as facendas municipais dunha carga que non poden asumir e que, en todo caso, corresponde ás competencias da Consellería de Cultura.

E cuarto: Notificar este acordo ao Parlamento de Galicia, á Delegación do Goberno en Galicia, á Deputación de Lugo e aos consellos do tramo Vilalba-Betanzos.

Sr. Caamaño López

Bos días outra vez.

O primeiro é que, certamente, parécenos unha cuestión interesante, é dicir, todo o que supoña a promoción do Camiño e que ademais sexa bo para os concellos evidentemente parécenos ben. Pero hai unha cuestión aquí que ten que ver xa cunha cuestión de orde. Esta é unha moción que se nos enviou onte, é dicir, o día antes do Pleno, e non entendemos demasiado esta urxencia. Normalmente as mocións preséntanse antes da convocatoria do Pleno, a non ser que sexan cousas moi urxentes, que penso que non é o caso, creo que non había tanta urxencia como para traer hoxe aquí esta moción. De feito, ademais, fálase na moción da memoria xustificativa, que tampouco nin tiveron a cortesía de enviarnos.

Despois, esta é unha cuestión que é unha cuestión, poderíamos dicir, técnica. É dicir, isto ten que pasar os... ben, polos organismos competentes nesta materia; de feito, din nos acordos aquí unha cousa moi estraña, que é solicitar á Xunta de Galicia a aprobación dun decreto, quero dicir, isto é bastante raro, non? Aquí hai uns informes que terán que facer no CSIC ou onde sexa pertinente e a partir de aí supoño que poderá ir adiante. En tal caso, o que podíamos é pedir á Xunta a axilización en todo o que supoña esta cuestión.

En calquera caso, a nós parécenos un tema interesante. Creo que o máis sensato, sen ser un tema tan urxente, sería retiralo incluso deste Pleno para un Pleno posterior e, se non é así, nós imos absternos. Grazas.

Sr. Presidente

Retiramos? Retiramos.





Sr. Requeira Varela

Eu estou practicamente e basicamente de acordo. Tampouco non hai ningún motivo para que non poidamos traelo no vindeiro Pleno e que o poidamos avaliar todos. Aquí o que se tratou é de trasladar a moción que se aprobou na Deputación de Lugo e nalgún concello, literalmente, pero tampouco nos... evidentemente non é nada de vida e morte, non é como outros temas, polo tanto nós non temos ningún problema. É certo que se nos apresura a intentar apoiar o antes posible, como sempre nestes casos. Pero tampouco temos ningún problema en que o discutamos, o valoremos con máis calma de cara ao vindeiro Pleno.

Sr. Presidente

Votamos a retirada. Procedemos á votación da retirada.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente

Rogos, preguntas? Algún rogo?

Sr. Lorenzo Torres

Buenos días a todos y a todas.

Nada, es una pregunta bien sencilla. El otro día, cuando fui a la Biblioteca Provincial –por cierto, de la cual nos podemos sentir muy orgullosos–, quise acceder a la sala de César Antonio Molina y Mercedes Monmany para conocer todo el legado que ellos habían efectuado en su día. Cuál será mi sorpresa que no pude entrar, no pude acceder a dicha sala entre otras cosas porque se iba a celebrar allí ese día un acto. Pero sí lo que me informaron en ese momento por parte de las personas que estaban allí era que me apurara si quería conocer ese legado y verlo porque parece ser que hubo una petición de César Molina para que ese legado se devolviera.

Yo quería saber en qué situación se encuentra, porque es una gran colección bibliográfica que no solamente tiene libros, dedicatorias, dibujos, etcétera, que está desde el año 2010 creo que en la Biblioteca Provincial, que en su día esa donación efectuada por el matrimonio, por Antonio Molina y por Mercedes Monmany, era para que estuviera en La Coruña toda su biblioteca y para uso incluso para préstamo y, sin embargo, creo que a día de hoy pues esa sala va a desaparecer y también todo ese fondo bibliográfico. Por eso quería preguntar la situación de este legado. Muchísimas gracias por su atención.

Sr. Presidente

Muchas gracias.



Ben, é certo que na Biblioteca Provincial temos un problema de espazo. Por tanto, efectivamente hai un acordo, un convenio con esta familia para unha cesión de miles de volumes que están alí nunha sala específica, pero que ademais implica a doazón anual permanentemente dunha considerable tamén cota de volumes que lóxicamente xa non teñen máis espazo. E polo tanto nós o que si fixemos é, aplicando as cláusulas previstas no convenio, e pedirles que non remitan máis volumes porque non caben máis. A contestación por parte da familia foi que preferían retirar a colección, que teñen varias localizacións dispoñibles, e pediánnos, iso si, que fixeramos un labor de identificación e de catalogación para facer fácil o seu traslado. E estamos esperando simplemente que decidan a localización que máis lle conveña para trasladar eses volumes. Esa é a situación actual.

Sr. Lorenzo Torres

Una pregunta: pero ¿la ubicación va a seguir siendo de la Diputación Provincial o se les va a devolver el legado?

Sr. Presidente

Non, nosoutros ofrecemos unha localización nun espazo da Deputación, para almacén, pero en principio eles deciden cal é..., digamos que é unha biblioteca particular, por tanto eles deciden cal vai ser a situación. Nós non temos a capacidade de decisión nese sentido.

Algún rogo máis? Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Simplemente agradeceros a todos el trato que me habéis dado, bien personalmente o de otra manera. Y muchas gracias de todo corazón.

*(Aplausos.)*

Sr. Presidente

Rematamos este Pleno. Grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:17 horas.